Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

# Programación Didáctica da materia de VIOLONCELLO

## Curso 2016 / 2017

Profesoras da materia:

María Jesús Hervás Brull

Noia Suarez Ogando

Índice

1.Introducción

2.Obxectivos xerais das ensinanzas
3.Obxectivos específicos
3.1Grao elemental
3.2Grao profesional
4. Secuenciación do curso 1º GRAO ELEMENTAL
4.1Obxectivos
4.2Contidos

4.3 Temporalización
4.4Avaliación
4.4.1Criterios de avaliación
4.4.2Mínimos esixibles
4.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
4.4.4Criterios de cualificación
4.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
4.5Medidas de recuperación
4.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
4.5.2Probas extraordinarias de setembro
4.6Recursos didácticos
5. Secuenciación do curso 2º GRAO ELEMENTAL
5.1Obxectivos
5.2Contidos

5.3 Temporalización
5.4Avaliación
5.4.1Criterios de avaliación
5.4.2Mínimos esixibles
5.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
5.4.4Criterios de cualificación
5.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
5.5Medidas de recuperación
5.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
5.5.2Probas extraordinarias de setembro
5.6Recursos didácticos
6. Secuenciación do curso 3º GRAO ELEMENTAL
6.1Obxectivos
6.2Contidos

6.3 Temporalización
6.4Avaliación
6.4.1Criterios de avaliación

6.4.2Mínimos esixibles
6.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
6.4.4Criterios de cualificación
6.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
6.5Medidas de recuperación
6.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
6.5.2Probas extraordinarias de setembro
6.6Recursos didácticos
7. Secuenciación do curso 4º GRAO ELEMENTAL
7.1Obxectivos
7.2Contidos

7.3 Temporalización
7.4Avaliación
7.4.1Criterios de avaliación
7.4.2Mínimos esixibles
7.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
7.4.4Criterios de cualificación
7.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
7.5Medidas de recuperación
7.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
7.5.2Probas extraordinarias de setembro
7.6Recursos didácticos
8. Secuenciación do curso 1º GRAO PROFESIONAL
8.1Obxectivos
8.2Contidos

8.3 Temporalización
8.4Avaliación
8.4.1Criterios de avaliación
8.4.2Mínimos esixibles
8.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
8.4.4Criterios de cualificación
8.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
8.5Medidas de recuperación
8.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
8.5.2Probas extraordinarias de setembro
8.6Recursos didácticos
9. Secuenciación do curso 2º GRAO PROFESIONAL
9.1Obxectivos
9.2Contidos

9.3 Temporalización
9.4Avaliación
9.4.1Criterios de avaliación

9.4.2Mínimos esixibles
9.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
9.4.4Criterios de cualificación
9.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
9.5Medidas de recuperación
9.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
9.5.2Probas extraordinarias de setembro
9.6Recursos didácticos
10. Secuenciación do curso 3º GRAO PROFESIONAL
10.1. Obxectivos
10.2Contidos

10.3 Temporalización
10.4Avaliación
10.4.1Criterios de avaliación
10.4.2Mínimos esixibles
10.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
10.4.4Criterios de cualificación
10.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
10.5Medidas de recuperación
10.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
10.5.2Probas extraordinarias de setembro
10.6Recursos didácticos
11. Secuenciación do curso 4º GRAO PROFESIONAL
11.1 Obxectivos
11.2Contidos

11.3 Temporalización
11.4Avaliación
11.4.1Criterios de avaliación
11.4.2Mínimos esixibles
11.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
11.4.4Criterios de cualificación
11.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
11.5Medidas de recuperación
11.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
11.5.2Probas extraordinarias de setembro
11.6Recursos didácticos
12. Secuenciación do curso 5º GRAO PROFESIONAL
12.1Obxectivos
12.2Contidos

12.3 Temporalización
12.4Avaliación
12.4.1Criterios de avaliación

12.4.2Mínimos esixibles
12.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
12.4.4Criterios de cualificación
12.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
12.5Medidas de recuperación
12.5.1Procedementos de recuperación ordinarios
12.5.2Probas extraordinarias de setembro
12.6Recursos didácticos
13. Secuenciación do curso 6º GRAO PROFESIONAL
13.1Obxectivos
13.2Contidos

13.3 Temporalización
13.4Avaliación
13.4.1Criterios de avaliación
13.4.2Mínimos esixibles
13.4.3Procedementos e ferramentas de avaliación
13.4.4Criterios de cualificación
13.4.5Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
13.5Medidas de recuperación
13.4.1Procedementos de recuperación ordinarios
13.4.2Probas extraordinarias de setembro
13.6Recursos didácticos
14.Metodoloxía
15.Atención á diversidade
16.Temas transversais
16.1 Educación en valores
16.2Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)
17.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas
18.Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica
19.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento
20.ANEXOS
20.1. Probas de acceso a 1º de profesional

20.2. Probas de acceso a outros cursos de grado elemental
20.2.1. Acceso a 2º Grao Elemental
20.2.2.Acceso a 3º Grao Elemental
20.2.3. Aceeso a 4º Grao Elemental

20.3. Probas de acceso a outros cursos de grado elemental
20.3.1. Acceso a 1º Grao Profesional
20.3.2. Acceso a 2º Grao Profesional
20.3.3. Acceso a 3º Grao Profesional
20.3.4. Acceso a 5º Grao Profesional

20.3.5. Acceso a 6º Grao Profesional
20.4. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

20.5. Bibliografía
20.6. Sección Bilingue

# 1. Introdución

A presente programación pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de violoncello que conforman tanto os catro cursos do grao elemental como os seis do grao profesional das novas ensinanzas de réxime especial de música . Debe ser entendida como unha guía, unha orientación e un modelo a seguir que respecte a actual normativa vixente, que pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, perseguindo un ensino integrador e proporcionando ao alumnado as ferramentas que lle permitan desenvolver ao máximo o seu potencial como futuros intérpretes.

Compre ter en conta que debe prestar atención á diversidade do alumnado e o seu ritmo de traballo, e que e probábel que se teñan que facer pequenas adaptacións curriculares durante o curso para algúns alumnos, e garantir así unha ensinanza máis personalizada, e tamén permitir ó profesorado aplicar a súa metodoloxía respectando a liberdade de cátedra de cada profesor.
Tivéronse en conta os seguintes decretos da Comunidade Autônoma de Galícia:
Decreto 198/2007, del 27 de septiembre de ordenación del Grado Elemental.
Decreto 203/2007, del 27 de septiembre del currículo de Grado Profesional.
Estes decretos regulan o currículo da ensinanza da música no grao elemental e profesional conforme o establecido no artigo 48 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

# 2. Obxectivos xerais das ensinanzas

- O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

-Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.

-Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

-Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

# 3. Obxectivos específicos

## 3.1. Grao elemental

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

• Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre si.

• Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual coma de conxunto.

• Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

• Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

## 3.2. Grao profesional

• Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos musicais dunha dificultade acorde con este nivel.

• Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo.

• Coñecer as distintas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

• Practicar a música de conxunto, integrándose en formación camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido de interdependencia entre os respectivos labores.

# 4. Secuenciación do curso 1º GRAO ELEMENTAL

## 4.1. OBXECTIVOS

- Adoptar unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
- Adoptar unha correcta posición da man dereita para a utilización do arco e a correcta produción do son.
- Adoptar unha correcta colocación da man esquerda sobre o violoncello para unha correcta afinación.
- Aprender as diversas combinacións das notas na primeira posición.
- Interpretar unha escala de memoria con seguridade, afinación e bo son.
- Practicar diariamente con pequenos estudos que conteñan só dificultades da primeira posición e golpes de arco básicos.
- Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflictan os aspectos traballados durante o curso.
- Coñecemento das correctas técnicas de estudo do instrumento.

## 4.2. CONTIDOS

**Disposición corporal, relaxación e respiración.**

- Control dos músculos das costas, brazos, pescozo, pernas e pés .
- Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.

**O Instrumento. Produción do so.**

- Coñecemento do violoncello e a produción do seu son.
- Coñecemento das distintas partes do instrumento e do arco.
- Coñecemento dos distintos materiais dos que está construído o instrumento e o arco.
- Concepto de son correcto.
- Autocontrol na produción do son.

**Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade**.

- Traballo sobre a man dereita e os distintos golpes de arco.
- Correcto sostemento do arco.
- Posición do brazo dereito e os seus movementos básicos.
- Utilización das diferentes zonas do arco: metade superior, metade inferior, centro e todo o arco.
- Funcionamento do pizzicato.
- Cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
- Traballo dos golpes de arco: Detaché, Staccato e Legato ata catro notas.
- Traballo sobre patróns rítmicos.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado

**Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.**

- Posición dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.

- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

**Posicións fixas**

- Traballo sobre unha correcta posición da man esquerda na posición primeira do violoncello.
- Iniciación sobre as extensións en primeira posición.

**Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.**

- Utilización correcta do arco para a experimentación e descubrimento das dinámicas piano, mezzoforte e forte.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

**Escalas, arpexos e intervalos dunha e dúas oitavas.**

- Traballo sobre as escalas de SOL M e RE M nunha oitava, primeiro en pizzicato e despois con distintos golpes de arco.
- Traballo sobre as escalas de DO M e RE M en dúas oitavas, primeiro en pizzicato e despois con distintos golpes de arco.
- Estudo das demais escalas nunha oitava e cos seus  arpexos.

**Iniciación á improvisación.**

- Improvisación sobre un ostinato rítmico empregando notas da escala pentatónica con arco ou pizz.

**Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.**

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Utilización da lectura sobre o pentagrama.

- Interpretación de cancións sinxelas con especial énfase no repertorio popular. Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Interpretación do repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos do repertorio.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

**Outros contidos.**

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Interese polas manifestacións musicais da noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...

## 4.3. TEMPORALIZACION:

1º trimestre: Colocación do violoncello e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpexos nunha oitava: Re M, Sol M, en pizzicato. As partes do instrumento e o seu coidado. Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio. Interpretación de algunhas pezas.

2º trimestre: Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro. Escalas e arpexos nunha oitava (Sol M, Re M), e Do M en dúas oitavas. Clases colectivas: Como tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, preferiblemente de memoria.

3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades aprendidas, con movementos básicos de arco libres de tensións , e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da conducción do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato. Os cambios de corda e o

legato.Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudio.

## 4.4. AVALIACION

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación.

**O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.**

### 4.4.1. Criterios de Avaliación:

- Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
- Demostrar un grado de asimilación dos aspectos técnicos traballados durante o curso (posición do corpo, mans e instrumento).
- Interpretar pequenas pezas a só ou con acompañamento, e de memoria.
- Demostrar interese e preocupación pola correcta execución dunha escala e/ou peza musical.
- Ler pequenos textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Demostrar interese polas características e posibilidades que ofrece o violoncello e as diversas manifestacións do noso entorno.

### 4.4.2. Mínimos esixibles:

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (clave de fa, compas, silencios...).
- Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e produción dun son de calidade.
- Man esquerda: Colocación adecuada sobre o batedor en primeira posición, e utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Interpretación dunha das escalas propostas durante o curso.

- Interpretación de dúas pezas con acompañamento de piano que demostren unha boa posición tanto da primeira posición na man esquerda como da correcta utilización do arco.
- Interpretación de memoria dunha das pezas.
- Interpretación dunha peza en grupo para dous o mais violoncellos asimilando o seu papel dentro da agrupación.
- Interpretación en público demostrando un dominio dos obxetivos minimos esixibles.

### 4.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

*A avaliación continua*: o estreito contacto entre alumno e o profesor xunto coa observación diaria, facilitará a avaliación continua que se levará a cabo ao largo de todo o curso. A falta de asistencia continuada de tres clases sen xustificar provocará a perdida do dereito á avaliación continua tendo que facer unha proba extraordinaria no mes de xuño.

*Ficha de avaliación do alumno*: o profesor terá unha ficha persoal de cada alumno onde quedará reflexado o traballo feito, a evolución dos contidos, e outros datos de interese. Durante cada trimestre. (ANEXO 1)

*Ficha de observación sistemática do alumno*: o profesor terá unha ficha persoal de cada alumno onde quedará reflexado o traballo semanal e a evolución dos contidos (ANEXO 2)

*A gravación* en audio ou vídeo das audicións e concertos para a súa posterior observación, comentario e reflexión.

*A avaliación global*: que avaliará a actitude, comportamento, asistencias a clase, participación nas audición técnicas e de repertorio, coñecementos, e destrezas adquiridas polo alumno, así como, o grado de desenrolo dos obxectivos da programación.

*A avaliación conxunta*: **na programación contemplaranse tres avaliacións durante o curso que corresponderán aos meses de Decembro, Marzo e Xuño, e que se efectuarán en conxunto cos profesores das outras materias.**

### 4.4.4. Criterios de cualificación:

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 30%

Audición: 30%

Traballo semanal: 40%

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula

Audición

Traballo semanal

Técnica: 40%

Técnica: 30%

Estudo: 50%

Musicalidade: 20%

Musicalidade: 30%

Hábitos: 10%

Preparación: 40%

Preparación: 30%

Actitude: 30%

Posta en escea: 10%

Material: 10%

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

### 4.4.5. Criterios para la concesión de ampliación de matrícula :

Nestes casos o profesorado valorará o alto nivel que presenta o alumno dacordo coa programación esixida no curso no que está matriculado e, xunta os demáis

profesores das outras materias, valorarán se ten as capacidades suficientes para afrontar un curso superior en tódalas asignaturas.

## 4.5. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

### 4.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios: :

**PROBA POR PERDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:**

De acordo coa normativa do centro os/as alumnos/as que superen tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha hora ou unha hora e media semanal, ou catro faltas por trimestre en materias cun tempo lectivo de dúas horas semanais, poderán verse privados do dereito á avaliación continua, sendo o procedemento substitutorio de avaliación a realización dunha proba específica que terá lugar antes da avaliación final. A devandita proba, para a que será convocado previamente, versará sobre os contidos establecidos na presente programación correspondentes ao seu curso.

**PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACION DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

Nestes casos o profesorado realizará unha adaptación curricular ao alumnado que non ten aprobado algún curso anterior. Presentaráse ao principio do curso un programa de estudo que recolla os obxetivos e contidos mínimos para superar do curso pendente.

A consecución deses obxetivos e contidos non acadados traballárense nas clases individuais dedicando unha parte da clase xunto co programa proposto do curso no que está matriculado/a.

No momento que o alumnado mostre unha superación dos obxetivos e contidos propostos, quedará a criterio do/a titor/a a posibilidade de aprobar a materia pendente nunha das sesións de avaliación ou pedirlle presentarse a unha das probas extraordinarias.

### 4.5.2. Probas extraordinarias de setembro:

A recuperación da materia con avaliación negativa realizarase no mes de setembro. Propondrase ao alumno un plan de traballo para o verán e un programa que terà que interpretar nos primeiros días do mes de setembro. O alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo seu titor/titora no mes de xuño.

## 4.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuizo do profesor**:**

NEGOESCU, G.:

1ª PARTE: cordas ao aire pax.4,5,7,10,11,13,14,15,16,17,20,21,25,27 y 29

2ª PARTE: Primeira posición. Pax. 34,35,36,38,39,41,46,47,49,51,52,54,55.

MARDEROVSKY, L:  Lesson in cello playing

Páxinas 8,9,10,11,12,13,14,15,16,17,18,19,20,21,22,23,24,25,26,27

SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 1º. Lec: 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13,14

The ABC's of cello I: Leccións 1 a 6.

MARTINDALE & CRACKNELL: “Enjoy Playing the cello” Oxford University Press, 1989.

**MATERIAL DE AMPLIACIÓN**

DISNEY VARIOS: “Easy Disney Favorites”. Ed. Hal-Leonard

VIOLONCELLO MUSIC FOR BEGINNERS. Ed Budapest: Vol. 1: Exer: 1 ao 6, 10 e 10.

FEUILLAR, L. : Methode pour le jeune violoncelliste. E. Delrieu. Exercicios del 1 al 9.
SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101.(Nº 1 al 5). Alphonse Leduc, 1944
MARTINU, B.: “Suite Miniature”

**CLASE COLECTIVA**

MOTATU, D.: “El Violoncello” Iniciación a la música. Real Musical.
MARTINDALE & CRACKNELL: “Enjoy Playing the cello” Oxford University Press, 1989. (páx 1-7)
CABO DINTEN: "Iniciació ao violoncel" (DINSIC)
NELSON.S: Piezas "Rigth from the Start" y "Piece by piece"

# 5. Secuenciación do curso 2º GRAO ELEMENTAL

## 5.1. OBXECTIVOS

- Avanzar cara a unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
- Avanzar cara a unha correcta posición da man dereita para a utilización do arco e a correcta produción do son.
- Continuar co traballo de colocación da man esquerda sobre o violoncello para unha correcta afinación.
- Aprender as extensións en primeira posición.
- Iniciar ao estudo de dobres cordas deixando unha ao aire.
- Avanzar na interpretación con novos golpes de arco.
- Interpretar unha escala de memoria en dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación e bo son.
- Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflictan os aspectos traballados durante o curso.
- Coñecer as correctas técnicas de estudo do instrumento.

## 5.2. CONTIDOS

**Disposición corporal, relaxación e respiración.**

- Control dos músculos das costas, brazos, pescozo, pernas e pés.
- Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.

**Instrumento. Produción do son.**

- Repaso das distintas partes do violoncello e do arco.
- Traballo sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Autocontrol na produción do son.

**Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade.**

- Posición do brazo dereito e os seus movementos básicos.
- Utilización das diferentes zonas do arco: metade superior, metade inferior centro e todo o arco.
- Cambios de corda con fluidez e suavidade en todas as partes do arco.
- Traballo dos golpes de arco: Detaché, Stacatto, e Legatto
- Ligaduras ata catro notas.
- Combinacións das diferentes articulacións coñecidas.
- Dobres cordas cunha ó aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

**Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.**

- Asimilación correcta da primeira posición e aprendizaxe da técnica das extensións.
- Traballo sobre exercicios básicos de preparación ao estudo de dobres cordas deixando unha delas ao aire.
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios utilizando as articulacións precisas.

- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

**Posicións fixas**

- Traballo sobre as extensións en primeira posición.

**Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.**

- Utilización correcta do arco para a experimentación e descubrimento de novas dinámicas.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

**Escalas, arpexos e intervalos dunha e dúas oitavas.**

- Traballo sobre escalas e arpexos nas diferentes tonalidades e con distintos golpes de arco.
- Estudo das escalas e arpexos nunha oitava de extensión.

**Improvisación.**

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da grafía musical convencional.
- A variación como base da improvisación.

**Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.**

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Utilización da lectura sobre o pentagrama.
- Interpretación de cancións sinxelas que reflicten os aspectos técnicos traballados no curso.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.

- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos do repertorio.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

**Outros contidos.**

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Interese polas manifestacións musicais da noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...

**Disposición corporal, relaxación e respiración.**

- Control dos músculos das costas, brazos, pescozo, pernas e pés.
- Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.
    - **Instrumento. Produción do son.**
- Repaso das distintas partes do violoncello e do arco.
- Traballo sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Autocontrol na produción do son.

**Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade.**

- Posición do brazo dereito e os seus movementos básicos.
- Utilización das diferentes zonas do arco: metade superior, metade inferior centro e todo o arco.
- Cambios de corda con fluidez e suavidade en todas as partes do arco.
- Traballo dos golpes de arco: Detaché, Stacatto, e Legatto
- Ligaduras ata catro notas.
- Combinacións das diferentes articulacións coñecidas.

- Dobres cordas cunha ó aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

**Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.**

- Asimilación correcta da primeira posición e aprendizaxe da técnica das extensións.
- Traballo sobre exercicios básicos de preparación ao estudo de dobres cordas deixando unha delas ao aire.
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

**Posicións fixas**

- Traballo sobre as extensións en primeira posición.

**Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.**

- Utilización correcta do arco para a experimentación e descubrimento de novas dinámicas.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

**Escalas, arpexos e intervalos dunha e dúas oitavas.**

- Traballo sobre escalas e arpexos nas diferentes tonalidades e con distintos golpes de arco.
- Estudo das escalas e arpexos nunha oitava de extensión.

**Improvisación.**

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da grafía musical convencional.
- A variación como base da improvisación.

**Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.**

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Utilización da lectura sobre o pentagrama.
- Interpretación de cancións sinxelas que reflicten os aspectos técnicos traballados no curso.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos do repertorio.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

**Outros contidos.**

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Interese polas manifestacións musicais da noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...

## 5.3. TEMPORALIZACION:

1º trimestre: Cómo estudiar: a organización do traballo na casa. combinacións sinxelas. Ritmo e sincronización das dúas mans. Exercicios de dobres cordas cunha corda ao aire. Exercicios con ligaduras ata catro notas.Interpretación de algunas piezas.

<u>2º trimestre</u>: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Estructuras formais básicas: ABA, ABCA,ABCB, etc. Traballo técnico sobre as extensións. Escalas de nunha oitava con diferentes golpes de arco e valores rítmicos. Interpretación de algunas piezas.

<u>3º trimestre</u>: Interpretación de pequenas pezas, con movementos básicos de arco libres de tensións , e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.

## 5.4. AVALIACION

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación.

**O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.**

### 5.4.1. Criterios de Avaliación:

- Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
- Demostrar un grado de asimilación dos novos aspectos técnicos traballados durante o curso (posicións, golpes de arco, etc...).
- Demostrar sensibilidade á hora de interpretar unha pequena peza a só ou con acompañamento de acordo coas novas dificultades técnicas do curso.
- Demostrar interese e preocupación pola correcta execución dunha escala ou peza musical.
- Interpretar con fluidez obras das recomendadas no programa ou de similar dificultade.
- Ler un pequeno texto a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Demostrar interese polas novas características e posibilidades do violoncello aprendidas durante o curso.

### 5.4.2. Mínimos esixibles 2º CURSO ELEMENTAL

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (clave de fa, síncopas, tresillos...).
- Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e produción dun son de calidade. Diferentes golpes de arco (Detaché, Staccato, Ligaduras ata 4 notas).
- Man esquerda: Colocación adecuada sobre o batedor en primeira posición, e utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama. Extensións en primeira posición.
- Interpretación dunha das escalas propostas durante o curso con diferentes valores rítmicos e diferentes golpes de arco.
- Interpretación de tres pezas con acompañamento de piano que reflictan un dominio tanto da primeira posición como das súas extensións.
- Interpretación de memoria dunha das pezas.
- Interpretación dunha peza en grupo para dous o mais violoncellos asimilando o seu papel dentro da agrupación.
- **Interpretación en público demostrando un dominio dos obxetivos minimos esixibles.**

### 5.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.4.3.

### 5.4.4. Criterios de cualificación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.4.4.

### 5.4.5. Criterios para la concesión de ampliación de matrícula :

Nestes casos o profesorado valorará o alto nivel que presenta o alumno dacordo coa programación esixida no curso no que está matriculado e, xunta os demáis profesores das outras materias, valorarán se ten as capacidades suficientes para afrontar un curso superior en tódalas asignaturas.

## 5.5. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

### 5.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios: :

**PROBA POR PERDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:**

De acordo coa normativa do centro os/as alumnos/as que superen tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha hora ou unha hora e media semanal, ou catro faltas por trimestre en materias cun tempo lectivo de dúas horas semanais, poderán verse privados do dereito á avaliación continua, sendo o procedemento substitutorio de avaliación a realización dunha proba específica que terá lugar antes da avaliación final. A devandita proba, para a que será convocado previamente, versará sobre os contidos establecidos na presente programación correspondentes ao seu curso.

**PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACION DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

Nestes casos o profesorado realizará unha adaptación curricular ao alumnado que non ten aprobado algún curso anterior. Presentaráse ao principio do curso un programa de estudo que recolla os obxetivos e contidos mínimos para superar do curso pendente.

A consecución deses obxetivos e contidos non acadados traballárense nas clases individuais dedicando unha parte da clase xunto co programa proposto do curso no que está matriculado/a.

No momento que o alumnado mostre unha superación dos obxetivos e contidos propostos, quedará a criterio do/a titor/a a posibilidade de aprobar a materia pendente nunha das sesións de avaliación ou pedirlle presentarse a unha das probas extraordinarias.

### 5.5.2. Probas extraordinarias de setembro:

A recuperación da materia con avaliación negativa realizarase no mes de setembro. Propondrase ao alumno un plan de traballo para o verán e un programa que terà que interpretar nos primeiros días do mes de setembro. O alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo seu titor/titora no mes de xuño.

## 5.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuizo do profesor

NEGOESCU, G.:

1ª PARTE: cordas ao aire pax. 30,31,32,33

2ª PARTE: primeira posición. Pax. 61,62,63,64,65,66,67,68

MARDEROVSKY, L:  Lesson in cello playing

páxina 28,29,30,31,32,33,34,35,36,37,38,39,40,41,42,43,44,45,46,47,48,49.

SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 1º. Lec: 15,16,17

The ABC’s of cello I: Leccións 29, 30, 37, 39, 40, 44, 52, 53, 62, 63,64, 65, 66, 67, 68 e 69.

LEE, S.: “Método práctico” op. 31. Ed. Ibérica. Pax 4,5,6 Lec: 1.2.3.4.5.6.7.8.9.10,11

THIEMANN, P.: Sistema de escalas básicas para violoncello. Ed Boileau. (unha oitava. Páx. 6 a 9)

DoM-Lam-SolM-Mim-FaM-Rem-ReM-Sim-SibM-Solm-LaM-Fa#m-MibM-Dom

VIOLONCELLO MUSIC FOR BEGINNERS. Ed Budapest: Vol. 2: Exer: 1 ao 33

GEDGE, D.: Cello Films Playalone. Boswordth ed.

**MATERIAL DE AMPLIACIÓN**

FEUILLAR, L. : Methode pour le jeune violoncelliste. E. Delrieu. Exercicios do 10 ao 19

SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101.(Nº 6 al 25). Alphonse Leduc,

**CLASE COLECTIVA**

LEE, S.: “Método práctico” op. 31. Ed. Ibérica. Pax 4 á 12.

SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101. (Nº 6 al 25). Alphonse Leduc,

NELSON.S: Piezas "Rigth from the Start" y "Piece by piece"

NÖMAR, Z.: “Conjunto Instrumental” (dúos, tríos y cuartetos). Ed. Real Musica.

# 6. Secuenciación do curso 3º GRAO ELEMENTAL

## 6.1. OBXECTIVOS

- Manter en todo momento unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
- Desenvolver un hábito de autocontrol e autocrítica.
- Traballar sobre o concepto de son correcto do violoncello.
- Avanzar cara a unha correcta afinación do instrumento.
- Aprender as posicións da man esquerda en segunda, terceira, cuarta e media e as súas diferentes combinacións.
- Introducir ao estudo do vibrato.
- Avanzar na interpretación con novos golpes de arco (Spicatto).
- Interpretar escalas, arpexos e terceiras de dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación e bo son.
- Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflictan os aspectos traballados durante o curso.
- Interpretar pequenas pezas en público individualmente ou con acompañamento.
- Coñecer as correctas técnicas de estudo do instrumento.

- Desenvolver e exteriorizar a capacidade expresiva do instrumento.

## 6.2. CONTIDOS

**Disposición corporal, relaxación e respiración.**

- Continuación do traballo sobre a disposición corporal á hora de tocar o violoncello.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.

**O instrumento. Produción do son.**

- Perfeccionamento sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Autocontrol e autocrítica na produción do son.
- Práctica diaria da afinación do violoncello.

**Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade.**

- Utilización das diferentes zonas do arco segundo requira a interpretación.
- Perfeccionamento nos cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
- Aprendizaxe de novos golpes de arco (Spicatto) e repaso de tódolos golpes de arco aprendidos.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

**Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.**

- Posición dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello ao longo de todo o diapasón.
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta e comprensión da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Movemento correcto dos dedos e a man evitando desprazamentos innecesarios e utilizando as articulacións precisas.

- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.
- Traballos técnicos sobre a aprendizaxe do vibrato.

**Posicións fixas**

- Traballo técnico sobre todas as posicións baixas (primeira, segunda, terceira, cuarta e media) e as diversas combinacións entre elas.
- Exercicios técnicos de cambios de posicións.
- Estudos melódicos que conteñan cambios de posicións.

**Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.**

- Utilización correcta do arco nas diferentes dinámicas e fraseos.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

**Escalas, arpexos e intervalos dunha e dúas oitavas.**

- Traballo sobre escalas e arpexos de dúas oitavas de extensión, con distintos golpes de arco, ata a cuarta posición (Sol M e Sol m).

**Improvisación.**

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da grafía musical convencional.
- Desenvolvemento da variación como base da improvisación.

**Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.**

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Traballo sobre pequenas pezas de estilos e épocas diversas.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Traballo sobre a interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio

- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos adecuados ao estilo de cada peza.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

**Outros contidos.**

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Utilización dun sistema organizado e disciplinado á hora de estudar.
- Interese polas manifestacións musicais do noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...
- Participación en audicións e concertos públicos ao longo do curso.

## 6.3. TEMPORALIZACION:

1º trimestre: Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, sttacato lento e portato e introdución ao Spicatto. Aumento progresivo da velocidade da man esquerda. As posicións fixas (1/2, 2ª, 3ª e 4ª) e traballo dos cambios de posición na man esquerda.

2º trimestre: Combinacións dos diferentes golpes de arco. Escalas en dúas oitavas e con diferentes valors e ritmos. Estudos que conteñan cambios de posición sinxelos e pezas cortas axeitadas ó nivel con uso expresivo dos matices.

3º trimestre: Estudos que conteñan cambios de posición axeitados ó nivel. Traballo dunha peza con varios movementos (concertino ou sonata) con uso expresivo dos matices. As formas básicas dos movementos de danza: Gavotte, Minuet, etc.

## 6.4. AVALIACION

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación.

**O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.**

### 6.4.1. Criterios de Avaliación:

Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
Mostrar unha autonomía progresiva na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do violoncello.
Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
Interpretar correctamente escala, arpexo e terceiras de dúas oitavas de extensión.
Interpretar varias pezas de diferentes estilos das recomendadas no programa ou de similar dificultade.
Ler un texto a primeira vista con fluidez e comprensión.
Interpretar de memoria pequenas pezas do repertorio de violoncello.
Demostrar interese polas novas características e posibilidades do violoncello aprendidas durante o curso.

### 6.4.2. Mínimos esixibles: 3º CURSO ELEMENTAL

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (clave de fa, compas, silencios...).
- Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e producción dun son de calidade. Diferentes golpes de arco (Detaché, Staccato, Martellé, Spiccato, ligaduras ata 4 notas).
- Man esquerda: Aprendizaxe das posicións baixas (primeira, segunda, terceira, cuarta e media). Utilización correcta da dixitación axeitada na lectura dun pentagrama. Harmónicos naturais.

- Escalas con diferentes valores rítmicos e diferentes golpes de arco nas que se utilicen as posicións baixas (ata a cuarta posición).
- Interpretación de dúas pezas con acompañamento de piano nas que se utilicen as posición baixas (ata a cuarta) das cales unha deberá ser tocada de memoria.
- Interpretación dunha obra de varios movementos (concertino ou sonata) con acompañamento de piano.
- Interpretación de algunhas pezas en grupo para dous o mais violoncellos asimilando o seu papel dentro da agrupación.
- Interpretación a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao nivel esixido demostrando un dominio da lectura de notas, afinación, ritmo, dixitación e distribución do arco.
- Interpretación en público demostrando un dominio dos obxetivos minimos esixibles.

#### 6.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.3.

#### 6.4.4. Criterios de cualificación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.4.

#### 6.4.5. Criterios para la concesión de ampliación de matrícula :

Nestes casos o profesorado valorará o alto nivel que presenta o alumno dacordo coa programación esixida no curso no que está matriculado e, xunta os demáis profesores das outras materias, valorarán se ten as capacidades suficientes para afrontar un curso superior en tódalas asignaturas.

### 6.5. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a  terá dereito a realizar unha proba específica, marcada

en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

### 6.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios: :

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.5.1.

### 6.5.2. Probas extraordinarias de setembro:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.5.2.

## 6.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuizo do profesor

- MARDEROVSKY, L: Lesson in cello playing
  Páxinas 50,51,52,53,54,55,56,57,58,59,60,61,62,63,64,65,66,67,68,69
- THIEMANN, P.: Sistema de escalas básicas. Ed Boileau. (dúas oitavas. Páx. 10 a 20)(ata a 4ª posición)

DoM-ReM-SolM-FaM-FaM-MibM-Rem-Solm-Mim-Dom-Lam

- LEE, S.: "Método práctico" op. 31. Ed. Ibérica. Pax 10,11,12,13,14. Lecc 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13,14
- DOTZAUER, J.J.F.: "113 Estudios". Vol. 1: Exer. 1,2,3,4,5,6,7,8 e 9.
- SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 2 Nº 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13,14,15
- MOONEY, R.: Pieces Position.

**OBRAS (escoller unha)**

BRÉVAL, J.B.: Concertino nº4 en Do M. Ed. Delrieu.

BRÉVAL, J.B.: Concertino nº5 en Re M. Ed. Delrieu

CIRRI, B.: "3 Sonatas para cello"

**MATERIAL DE AMPLIACIÓN**

SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 3 Nº 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12

IRISH FOLK SONG: Londonderry air

GRUBER: Silent Night

**CLASE COLECTIVA**

SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101.(Nº 6 al 25). Alphonse Leduc,
NÖMAR, Z.: “Conjunto Instrumental” (dúos, tríos y cuartetos). Ed.. Real Musical

# 7. Secuenciación do CURSO 4º GRAO ELEMENTAL

## 7.1. OBXECTIVOS

- Manter en todo momento unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
- Desenvolver un hábito de autocontrol e autocrítica.
- Aplicar o bo oído e a boa afinación á hora de interpretar unha peza.
- Iniciar ás diversas combinacións da man esquerda nas posicións quinta, sexta e sétima.
- Continuar no estudo do vibrato.
- Dominar os golpes de arco aprendidos ata o momento.
- Ler correctamente unha partitura.
- Aplicar un bo control do ritmo durante a interpretación.
- Interpretar unha escala e a seu arpexo, de dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación, bo son e de memoria en tódalas tonalidades.
- Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflictan os aspectos traballados durante o curso.
- Memorizar unha parte do repertorio traballado e interpretalo en público individualmente ou con acompañamento.
- Demostrar un coñecemento das correctas técnicas de estudo.
- Desenvolver e exteriorizar a capacidade expresiva do instrumento.

## 7.2. CONTIDOS

**Disposición corporal, relaxación e respiración.**

- Aplicación dos medios técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha boa sonoridade.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a execución de frases musicais.

**O instrumento. Produción do son.**

- Perfeccionamento sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Práctica diaria da afinación do violoncello.

**Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade.**

- Utilización das diferentes zonas do arco segundo requira a interpretación.
- Control do paso do arco a través das cordas.
- Perfeccionamento nos cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
- Movementos relaxados e fluídos da boneca e brazo dereito.
- Colocación relaxada da man dereita.
- Repaso e afianzamento de tódolos golpes de arco apresos.
- Relación entre peso, velocidade e variedade dinámica.

**Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.**

- Posición correcta dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello ao longo de todo o diapasón.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Iniciación aos estudos que conteñan trinos, apoiaturas, mordentes, ornamentos, grupetos, etc.
- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios e utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

- Amplitude e desenvolvemento do vibrato.

**Posicións fixas**

- As posicións dende a media ata a sétima e as súas diversas combinacións.
- Traballo sobre os harmónicos naturais do violoncello.
- Traballo sobre patróns concretos de cambios de dixitación con dificultades especiais.

**Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.**

- Utilización correcta do arco nas diferentes dinámicas e fraseos.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

**Escalas, arpexos e intervalos de tres oitavas.**

- Escalas, arpexos e terceiras de dúas oitavas en tódalas tonalidades e con distintos golpes de arco.
- Estudo da escala cromática.

**Improvisación.**

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da grafía musical convencional.
- Desenvolvemento da variación como base da improvisación.

**Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.**

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Traballo sobre pequenas obras de estilos e épocas diversas.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Traballo sobre a interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.

- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos adecuados ao estilo de cada obra con especial fincapé no Barroco e Clasicismo.

**Outros contidos.**

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Utilización dun sistema organizado e disciplinado á hora de estudiar.
- Interese polas manifestacións musicais do noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...
- Goce persoal por medio da interpretación.
- Participación activa en audicións e concertos ao longo do curso.

## 7.3. TEMPORALIZACION:

1º Trimestre: Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas. Técnicas de estudio e memorización. Lectura a primeira vista. Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpexos, con diferentes golpes de arco. Traballo sobre estudios con cambios de posición. Traballo sobre as posicións intermedias (5ª, 6ª e 7ª). Interpretación dalgunha das pezas indicadas en cada un dos apartados.

2º trimestre: Perfeccionamento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores. Estudio sistemático das posicións baixas e intermedias e os seus cambios de posición. Aprendizaxe da técnica do vibrato. Traballo sobre estudios con cambios de posición. Aprendizaxe da lectura en clave de Do en 4ª linea. Interpretación dalgunha das pezas indicadas en cada un dos apartados.

3º trimestre: Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno. Perfeccionamento dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas. desenvolvemento do vibrato. Interpretación dalgunha das pezas indicadas en cada un dos apartados.

## 7.4. AVALIACION

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación.

**O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.**

### 7.4.1. Criterios de Avaliación:

- Realizar o traballo diario proposto polo profesor/a.
- Mostrar unha autonomía progresiva na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do violoncello.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar correctamente unha escala e o seu arpexo, de dúas oitavas de extensión.
- Interpretar correctamente dúas obras de diferente estilo, e unha peza libre, das recomendadas no programa ou de similar dificultade.
- Ler un texto a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Interpretar de memoria e en público dunha parte do repertorio traballado, tanto individualmente como en grupo.
- Demostrar interese polas novas características e posibilidades do violoncello aprendidas durante o curso.

### 7.4.2. Mínimos esixibles: 4º CURSO ELEMENTAL

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama (trinos, mordentes, e grupettos. cromatismos...).
- Man dereita: Colocación adecuada sobre o arco, Utilización das diferentes zonas do arco, e producción dun son de calidade. Diferentes golpes de arco (Detaché, Staccato, Spiccato, Ligaduras ata 8 notas).

- Man esquerda: Aprendizaxe das posición intermedias (quinta, sexta e sétima) e demostrar un dominio sobre as posicións baixas (da media á cuarta). Utilizar a dixitación adecuada na lectura dun pentagrama.
- Traballo sobre a técnica do vibrato.
- Escalas e arpexos en dúas oitavas, con diferentes valores rítmicos e diferentes golpes de arco onde se utilicen diferentes posicións.
- Tres estudios nos que se utilicen diferentes posicións dos cales un debe ser interpretado de memoria.
- Tres obras completas das cales unha será un Concerto ou Concertino, outra unha sonata, e outra unha peza libre, nas que se utilicen diferentes posicións baixas e intermedias.
- Participación nas audicións técnicas propostas no curso.
- Interpretación dalgunhas pezas en grupo para dous o mais violoncellos asimilando o seu papel dentro da agrupación.
- Interpretación en público demostrando un dominio dos obxetivos minimos esixibles.

#### 7.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.3.

#### 7.4.4. Criterios de cualificación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.4.

#### 7.4.5. Criterios para la concesión de ampliación de matrícula :

Nestes casos o profesorado valorará o alto nivel que presenta o alumno dacordo coa programación exixida no curso no que está matriculado e, xunta os demáis profesores das outras materias, valorarán se ten as capacidades suficientes para afrontar un curso superior en tódalas asignaturas.

### 7.5. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

### 7.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios: :

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.5.1.

### 7.5.2. Probas extraordinarias de setembro:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.5.2.

## 7.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuízo do profesor

**EXERCICIOS TÉCNICOS**

THIEMANN, P: Sistema de escalas básicas. Ed Boileau. (Páx. 10 á 20)
DoM-Lam-SolM-Mim-FaM-Rem-ReM-Sim-SibM-Solm-LaM-Fa#m-MibM-Dom-MiM-Do#M-LabM-Fam-SiM-Sol#m-RebM-Sibm-Fa#M-Re#m-SolbM-Mibm-Do#M-La#m-DobM-Labm.

FEUILLARD: Tägliche Übungen. ( Nº 1,2,3,4,5,6,7,8, 32 e 33). Schott

**ESTUDOS**

MARDEROVSKY, L: Lesson in cello playing Pax.: 71,72,73,74,75,76,77,78,79,80

LEE, S.: “Método práctico” op. 31. Ed. Ibérica.Lecc 15,16,17,18 Páx. 36,37,38,39,40,41,42,43

DOTZAUER, J. J.F: Vol. I Nº 10,11,12,13,15,16,17,18,20,21,22,23,24,25,29 e 31. Ed. Peters

**OBRAS (escoller unha de cada apartado)**

***<u>Apartado A</u>***

MARCELLO, B.: Sonata Nº 2 en Mi menor. “6 Sonates” . Peters. Leipzig, 1958.

MARCELLO, B.: Sonata Nº 5  en La menor. “6 Sonates”. Peters. Leipzig, 1958.

VIVALDI, A.: Sonata Nº 3  en La m. “6 Sonates”. Schott. Maguncia 1958.

VIVALDI, A.: Sonata Nº 5  en MI m. “6 Sonates”. Schott. Maguncia 1958.

FESCH, W: Sonata Nº 1 en Re M

HAENDEL, G. F. : Sonata para viola da gamba en Do M. (ollo está en clave do en terceira)

***Apartado  B***

BREVAL, J. B.: Concertino nº 1 en Fa M. Delrieu. Niça, 1932

BRÉVAL, J. B.: Concertino Nº 3 en La. Delrieu. Niça, 1935.

BREVAL, J. B.: Concertino nº 2 en Do M. Delrieu. Niça, 1932

RIEDING, O.: Concierto en Si m op. 35. Bosworth & Com.

***Apartado  C***

SCHUMANN, R.: Traümerei.

SQUIRE, W. H.: “Bourrée” Opus 2. Sheet Music Edition B 2518.

SQUIRE, W. H.: “Tarantela”

POPPER,D: “Berceuse” Op 62 Nº 3

POPPER,D.: “Lied” Op. 3 Nº 6

POPPER,D.: “Begenung” Op. 3 Nº 5

POPPER,D: “Gavotte” Op. 67 Nº 2     Gavotte” Op. 64

OFFENBACH: Barcarolle

**CLASE COLECTIVA**

ROMBERG, B.: Sonatas  para dos violoncellos Op. 43.

BELA BARTÓK: “18 dúos fáciles para 2 cellos”. Universal Edition.

DOTZAUER, J. F.: Tres sonatas para dos violonchelos Opus 103.

# 8. Secuenciación do CURSO 1º GRAO PROFESIONAL

## 8.1. OBXECTIVOS

- Ter perfectamente consolidados os obxectivos correspondentes ao grado elemental con respecto á colocación, relaxación, flexibilidade, respiración e execución natural na interpretación dun repertorio de maior dificultade.
- Dominar a técnica do arco en golpes de arco básicos.
- Dominar a técnica da man esquerda nas diferentes posicións baixas e intermedias dende a media á sétima posición.
- Aplicar o bo oído e a boa afinación ao repertorio estudiado.
- Avanzar no control do ritmo durante a interpretación.
- Dispoñer dun repertorio de exercicios técnicos, escalas e arpexos de acordo coas características especificadas no bloque de contidos.
- Traballar sobre a boa sonoridade na interpretación.
- Ler correctamente e tamén a primeira vista.
- Avanzar no asentamento de criterios interpretativos propios.
- Memorizar unha terceira parte do repertorio traballado.
- Mostrar interese pola organización do estudo propio.
- Dispoñer dun repertorio sempre en aumento.
- Promover o interese polas diversas manifestacións e fenómenos que inciden no seu entorno (concertos, discografía, cursos, literatura, etc).
- Escoitar música de xeito crítico e analítico.

## 8.2. CONTIDOS

**Instrumento e o seu intérprete.**

- A boa colocación do instrumento, base para o correcto desenvolvemento da técnica.
- A relaxación do intérprete. Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- A respiración consciente, relaxación e flexibilidade corporal.
- Prevención de tensións musculares innecesarias.

**A técnica do arco.**

- Continuación no desenvolvemento da técnica do arco.
- Movementos relaxados e fluídos do brazo dereito e boneca dereita.
- Colocación relaxada da man dereita e do polgar dereito.
- Control sobre o paso do arco no cambio das cordas.
- Perfeccionamento dos golpes de arco máis básicos: Legato, Détaché, Staccatto e Martellato.
- Traballo sobre o legato utilizando todo o arco, metade inferior, metade superior, sen acentos e cunha perfecta continuidade de movemento do brazo, boneca, dedos e arco.
- O legato en dobres cordas.
- Traballo sobre variedade de velocidades, dinámica e puntos de contacto (sobre a ponte, sobre o diapasón, etc.).
- Variedade no uso do pizzicato referíndose ás dinámicas e a calidade do son.

**A técnica da man esquerda.**

- Traballo sobre as distintas posicións baixas e intermedias dende a media ata a sétima e as súas distintas combinacións.
- Posicións dos harmónicos naturais ao longo do diapasón.
- Cambios de posición naturais evitando movementos innecesarios e coordinándoos co movemento do arco.
- Dobres cordas en escalas dunha oitava de extensión.
- Estudos que conteñan trinos, apoiaturas, mordentes, ornamentos, grupetos, etc...
- Traballo sobre a axilidade dos dedos.
- Continuación no desenvolvemento do vibrato

**Oído e afinación.**

- A educación da sensibilidade do oído e o súa repercusión na calidade do son.
- desenvolvemento da afinación sensible.
- Perfeccionamento da afinación para a melloría da calidade do son.

**Ritmo.**

- Desenvolvemento da seguridade rítmica.
- Sensibilización pola importancia dun ritmo estable.

- Traballo sobre patróns rítmicos para a superación de dificultades técnicas con axuda do metrónomo.

**Exercicios, escalas e estudos.**

- Ampliación do repertorio de exercicios técnicos para o progreso técnico.
- Escalas en dobres cordas (terceiras e sextas) nunha oitava.
- Traballo sobre estudos que reúnan os aspectos técnicos especificados nos apartados anteriores. Páctica de estudos de dobres cordas.

**Sonoridade**

- Aplicación dos medios técnicos para o desenvolvemento dunha boa sonoridade.
- A variedade de sonoridades e cores.
- Estudo do cantábile.
- Os ataques de arco con relación á boa sonoridade.

**Lectura**

- Lectura correcta e completa de calquera partitura.
- Lectura correcta de notas, alteracións, ritmos, articulacións e dinámicas.
- Lectura correcta do tempo, sonoridade, carácter, ataques, etc
- Lectura a primeira vista.

**Interpretación e memorización**

- Desenvolvemento dos aspectos interpretativos.
- A práctica de tocar de memoria como axuda a unha interpretación mellor.
- Memorización dunha terceira parte do repertorio traballado.

**Organización do estudio autónomo**

- Distribución do tempo á hora de estudar.
- Estudo sistemático e aforro do tempo.
- Técnicas de estudo para resolver pasaxes dificultosas.

**Repertorio**

- Estudo de catro obras do repertorio de violoncello dentro do marco das dificultades previstas para este ciclo das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre.

- Variedade de estilos, épocas e contidos musicais e técnicos na selección do repertorio.

**Outros contidos**

- Interese polas manifestacións musicais relacionadas co violoncello e a súa aprendizaxe.
- Escoita crítica e activa de música.

Hábito de traballo persoal e autocrítico, e vontade de superación persoal.

## 8.3. TEMPORALIZACION:

1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Saber estudiar. O estudio analítico. As escala en dobres cordas (terceiras e sextas) nunha oitava de extensión. Desenvolvemento do vibrato. Traballo das obras e dos estudios do repertorio propostas para este curso.

2º trimestre: Estudos e exercicios sinxelos en dobres cordas. Coordinación coa man esquerda. Traballo das obras de repertorio propostas para este curso. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.

**3º trimestre. Perfeccionamento das escalas mencionadas con distintos golpes de arco. Traballo das  obras e dos estudios do repertorio propostas para este curso. Iniciación ao fraseo e a agóxica musical. Os ataques de arco con relación á boa sonoridade (legatto). Variedade de estilos e épocas na interpretación das obras.**

## 8.4. AVALIACION

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación.

**O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.**

### 8.4.1. Criterios de Avaliación:

- Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
- Tocar escalas en dobres cordas (terceiras e sextas) nunha oitava.
- Interpretar catro obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre de diferentes características e que representen o nivel técnico esixído.
- Demostrar un dominio dos contidos propostos para o curso coa interpretación de estudos e obras de diferentes estilos e dificultades que representen o nivel técnico esixido.
- Interpretar de memoria unha terceira parte do repertorio presentado.
- Interpretar en público, con dominio e flexibilidade, as obras traballadas e que representen o nivel esixido.
- Demostrar atención, interese e respecto cara aos seus compañeiros, profesores e entorno en xeral.

### 8.4.2. Mínimos esixibles: 1º CURSO PROFESIONAL

-Escalas de **dobres cordas** (terceiras e sextas) dunha oitava de estensión.
- Dous estudos de diferentes estilos e dificultades.
- Dous estudos de dobres cordas.
- Catro obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre de diferentes características e que representen o nivel esixido.
- Participación nas audicións técnicas propostas no curso.
- Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.
- Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras.

### 8.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no redactado no punto 4.4.3.

### 8.4.4. Criterios de cualificación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.4.

#### 8.4.5. Criterios para la concesión de ampliación de matrícula :

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.5.

### 8.5. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.6.

#### 8.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios: :

**PROBA POR PERDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:**

De acordo coa normativa do centro os/as alumnos/as que superen tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha hora ou unha hora e media semanal, ou catro faltas por trimestre en materias cun tempo lectivo de dúas horas semanais, poderán verse privados do dereito á avaliación continua, sendo o procedemento substitutorio de avaliación a realización dunha proba específica que terá lugar antes da avaliación final. A devandita proba, para a que será convocado previamente, versará sobre os contidos establecidos na presente programación correspondentes ao seu curso.

**PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACION DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

Nestes casos o profesorado realizará unha adaptación curricular ao alumnado que non ten aprobado algún curso anterior. Presentaráse ao principio do curso un programa de estudo que recolla os obxetivos e contidos mínimos para superar do curso pendente.

A consecución deses obxetivos e contidos non acadados traballárense nas clases individuais dedicando unha parte da clase xunto co programa proposto do curso no que está matriculado/a.

No momento que o alumnado mostre unha superación dos obxetivos e contidos propostos, quedará a criterio do/a titor/a a posibilidade de

aprobar a materia pendente nunha das sesións de avaliación ou pedirlle presentarse a unha das probas extraordinarias.

### 8.5.2. Probas extraordinarias de setembro:

A recuperación da materia con avaliación negativa realizarase no mes de setembro. Propondrase ao alumno un plan de traballo para o verán e un programa que terà que interpretar nos primeiros días do mes de setembro. O alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo seu titor/titora no mes de xuño.

## 8.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuízo do profesor

**EXERCICIOS TÉCNICOS.**

FEUILLARD: Tägliche Übungen. Schott. (Nº 8, 9, 15, 16, 34, 35 e 36).

KLENGEL, J.: Tägliche Übungen. Vol. I. Breitkopf. (axilidade dedos e dobres cordas)

**ESCALAS**

THIEMANN, P.: Sistema de escalas básicas. Ed Boileau. Dobres cordas una oitava (páx 52 á 64)

WHITEHOUSE: Escalas, arpexios e dobres cordas. (páx 10 á 15). Escalas cromáticas. (páx 8 e 9)

LOEB: Escalas y arpegios.

Escalas de dobres cordas. (unha oitava).

DoM-ReM-MibM-MiM-FaM-SolM-LabM-LaM-SibM-SiM-Dom-Rem-Mim-Fa#m-Solm-Labm-Sim

KLENGEL, J.: Technical Studies. Vol. II. Intr. Music Comp. Nº 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12

**ESTUDOS**

DOTZAUER,J. J.F: Vol. I Ed. Peters. (Nº 27,32,33 e 34)

DOTZAUER, J. J.F: Vol. II.Peters. (Nº 35,36,38,39,41,42,43,47,48.)

BASLER-NOVSAK-STEIN: “Fun with doublé-stops for Young cellist”

LEE, S.: Melodische und Progresive Etüdie op. 31 Vol. 1. Schott. Nº do 1 ao 20

**OBRAS** (escoller unha de cada apartado)

*CONCERTOS*

BRÉVAL: Concierto nº 1 en Fa

RIEDING, O.: Concertino en Si m

VIVALDI: Concierto en La M

KLENGEL: Concierto Nº 3 en La m op. 46

*SONATAS*

VIVALDI: Sonata nº5 en Mi m

MARCELLO: Sonata nº 5 en La m

BONONCINI: Sonata en La

FESCH: Sonata nº 1 en La

ROMBERG: Sonata en Mi m

GABRIELI: Sonata Nº 1 en Sol M

*PEZAS CANTÁBILES*

SAINT-SAENS: El Cisne

GLAZUNOV: Chant du Ménestrel op. 71

FAURÉ: Sicilianne op.78

SCHUMANN: Traumerei

RACHMANINOV: Vocalise

*PEZAS LIBRES*

SQUIRE: Bourrée op. 2

SQUIRE: Tarantela Op.23

MENDELSSOHN: Romanza sin palabras op. 109

# 9. Secuenciación do CURSO 2º GRAO PROFESIONAL

## 9.1. OBXECTIVOS

- Ter perfectamente consolidados os obxectivos correspondentes ao grado elemental con respecto á colocación, relaxación, flexibilidade, respiración e execución natural na interpretación dun repertorio de maior dificultade.
- Dominar a técnica do arco en golpes de arco básicos.
- Dominar a técnica da man esquerda nas diferentes posicións baixas e intermedias dende a media á sétima posición.
- Aprender a técnica da nova posición do polgar esquerdo.
- Aplicar o bo oído e a boa afinación ao repertorio estudiado.
- Avanzar no control do ritmo durante a interpretación.
- Dispoñer dun repertorio de exercicios técnicos, escalas e arpexos de acordo coas características especificadas no bloque de contidos.
- Traballar sobre a boa sonoridade na interpretación.
- Ler correctamente e tamén a primeira vista.
- Avanzar no asentamento de criterios interpretativos propios.
- Memorizar unha parte do repertorio traballado.
- Mostrar interese pola organización do estudo propio.
- Dispoñer dun repertorio sempre en aumento.
- Promover o interese polas diversas manifestacións e fenómenos que inciden no seu entorno (concertos, discografía, cursos, literatura, etc). Escoitar música de xeito crítico e analítico.

## 9.2. CONTIDOS

**Instrumento e o seu intérprete.**

- A boa colocación do instrumento, base para o correcto desenvolvemento da técnica.
- A relaxación do intérprete. Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- A respiración consciente, relaxación e flexibilidade corporal.
- Prevención de tensións musculares innecesarias.

**A técnica do arco.**

- Continuación no desenvolvemento da técnica do arco.
- Movementos relaxados e fluídos do brazo dereito e boneca dereita.
- Colocación relaxada da man dereita e do polgar dereito.
- Control sobre o paso do arco no cambio das cordas.
- Golpes de arco: Legato ata 8 notas, Staccatto-Legatto e Martellato, Spicatto, Saltillo.
- Traballo sobre o legatto utilizando todo o arco, metade inferior, metade superior, sen acentos e cunha perfecta continuidade de movemento do brazo, boneca, dedos e arco.
- Legato en dobres cordas.
- Traballo sobre variedade de velocidades, dinámica e puntos de contacto (sobre a ponte, sobre o diapasón, etc..).
- Variedade no uso do pizzicato referíndose ás dinámicas e a calidade do son.

**A técnica da man esquerda.**

- Continuación do traballo sobre as distintas posicións baixas e intermedias dende a media ata a sétima e as súas distintas combinacións.
- Asentamento das posicións dos harmónicos naturais
- Cambios de posición naturais evitando movementos innecesarios e coordinándoos co movemento do arco.
- Iniciación ás posicións altas coa colocación do polgar.
- Dobres cordas en escalas de dúas oitavas de extensión.
- Traballo sobre a axilidade dos dedos.

**Oído e afinación.**

- A educación da sensibilidade do oído e o súa repercusión na calidade do son.
- Desenvolvemento da afinación sensible.
- Perfeccionamento da afinación para a melloría da calidade do son.

**Ritmo**

- O desenvolvemento da seguridade rítmica.
- Sensibilización pola importancia dun ritmo estable.

- Traballo sobre patróns rítmicos para a superación de dificultades técnicas con axuda do metrónomo.

**Exercicios, escalas e estudos**

- Ampliación do repertorio de exercicios técnicos para o progreso técnico.
- Escalas en posición de polgar, soltas e ligadas dunha oitava de extensión.
- Escalas en dobres cordas (terceiras e sextas) de dúas oitavas de exensión.
- Traballo sobre estudos que reúnan os aspectos técnicos especificados nos apartados anteriores.

**Sonoridade.**

- Aplicación dos medios técnicos para o desenvolvemento dunha boa sonoridade.
- A variedade de sonoridades e cores.
- Continuación do traballo sobre o cantábile.
- Os ataques de arco con relación á articulación e á boa sonoridade.

**Lectura.**

- Lectura correcta e completa de calquera partitura.
- Lectura correcta de notas, alteracións, ritmos, articulacións e dinámicas.
- Lectura correcta do tempo, sonoridade, carácter, ataques, etc
- Lectura a primeira vista.

**Interpretación e memorización.**

- Desenvolvemento dos aspectos interpretativos.
- A práctica de tocar de memoria como axuda a unha interpretación mellor.
- Memorización dunha terceira parte do repertorio traballado.

**Organización do estudo autónomo.**

- Distribución do tempo á hora de estudar.
- Estudo sistemático e aforro do tempo.
- Técnicas de estudo para resolver pasaxes dificultosas.

**Repertorio.**

- Estudo de catro obras do repertorio de violoncello dentro do marco das dificultades previstas para este ciclo das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre.

- Variedade de estilos, épocas e contidos musicais e técnicos na selección do repertorio.

**Outros contidos.**

- Interese polas manifestacións musicais relacionadas co violoncello e a súa aprendizaxe.
- Escoita crítica e activa de música.
- Hábito de traballo persoal e autocrítico, e vontade de superación persoal.

## 9.3. TEMPORALIZACION

1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Saber estudiar. O estudio analítico. As escala en dobres cordas (terceiras e sextas) en dúas oitava de extensión. Traballo das obras e dos estudios do repertorio propostas para este curso. Introdución as posicións altas coa colocación do polgar.

2º trimestre: Golpes de arco: Legato ata 8 notas, Staccatto-Legatto e Martellato, Spicatto, Saltillo. Traballo sobre o legatto utilizando todo o arco, metade inferior, metade superior, sen acentos e cunha perfecta continuidade de movemento do brazo, boneca, dedos e arco. Legato en dobres cordas. Traballo sobre variedade de velocidades, dinámica e puntos de contacto (sobre a ponte, sobre o diapasón, etc..). Continuación do traballo de obras e estudios propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Estudos en posicións altas con polgar.

3º trimestre: Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións. Traballo das obras propostas para o curso de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica.

## 9.4. AVALIACION

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación.
**O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.**

### 9.4.1. Criterios de Avaliación:

- Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
- Demostrar un dominio das dobres cordas (terceiras e sextas) de dúas oitavas.
- Demostrar un dominio da colocación do polgar nas escalas e nos estudos.
- Interpretar un concerto, unha sonata, unha peza cantábile e unha peza libre de diferentes estilos.
- Demostrar un dominio dos contidos propostos para o curso coa interpretación de estudos e obras de diferentes estilos e dificultades que representen o nivel técnico esixido.
- Tocar de memoria unha terceira parte do repertorio presentado.
- Interpretar en público, con dominio e flexibilidade, as obras traballadas durante o curso, e que representen o nivel esixido.
- Demostrar atención, interese e respecto cara aos seus compañeiros, profesores e entorno en xeral.

### 9.4.2. Mínimos esixibles: 2º CURSO PROFESIONAL

- Escalas de dobres cordas (terceiras e sextas) de dúas oitavas.
- Escalas en posicións de polgar dunha oitava de extensión.
- Dous estudos de diferentes estilos e dificultades.
- Dous estudos en posicións de polgar.
- Catro obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre de diferentes características e que representen o nivel esixido.
- Participación nas audicións técnicas propostas no curso.
- Interpretación de memoria de alomenos dúas das obras traballadas.

- Interpretación en público, con dominio e flexibilidade das obras.

### 9.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.3.

### 9.4.4. Criterios de cualificación:

Levaranse a cabo do mesmo xeito que no  redactado no punto 4.4.4.

### 9.4.5. Criterios para la concesión de ampliación de matrícula :

Nestes casos o profesorado valorará o alto nivel que presenta o alumno dacordo coa programación exixida no curso no que está matriculado e, xunta os demáis profesores das outras materias, valorarán se ten as capacidades suficientes para afrontar un curso superior en tódalas asignaturas.

## 9.5. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN:

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a  terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

### 9.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios: :

**PROBA POR PERDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:**

De acordo coa normativa do centro os/as alumnos/as que superen tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha hora ou unha hora e media semanal, ou catro faltas por trimestre en materias cun tempo lectivo de dúas horas semanais, poderán verse privados do dereito á avaliación continua, sendo o procedemento substitutorio de avaliación a realización dunha proba específica que terá lugar antes da avaliación final. A devandita proba, para a que será

convocado previamente, versará sobre os contidos establecidos na presente programación correspondentes ao seu curso.

**PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACION DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

Nestes casos o profesorado realizará unha adaptación curricular ao alumnado que non ten aprobado algún curso anterior. Presentaráse ao principio do curso un programa de estudo que recolla os obxetivos e contidos mínimos para superar do curso pendente.

A consecución deses obxetivos e contidos non acadados traballárense nas clases individuais dedicando unha parte da clase xunto co programa proposto do curso no que está matriculado/a.

No momento que o alumnado mostre unha superación dos obxetivos e contidos propostos, quedará a criterio do/a titor/a a posibilidade de aprobar a materia pendente nunha das sesións de avaliación ou pedirlle presentarse a unha das probas extraordinarias.

### 9.5.2. Probas extraordinarias de setembro:

A recuperación da materia con avaliación negativa realizarase no mes de setembro. Propondrase ao alumno un plan de traballo para o verán e un programa que terà que interpretar nos primeiros días do mes de setembro. O alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo seu titor/titora no mes de xuño.

## 9.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuízo do profesor

**EXERCICIOS TÉCNICOS.**

SEVCÍK: Op.8. Bosworth edition.

KLENGEL, J.: Tägliche Übungen. Vol. I. Breitkopf. (axilidades dedos e dobres cordas)

**ESCALAS**

THIEMANN, P.: Sistema de escalas básicas. Ed Boileau. Dobres cordas dúas oitavas (páx 52 á 64)

WHITEHOUSE: Escalas, arpexios e dobres cordas. (páx 10 á 15). Escalas cromáticas. (páx 8 e 9)

Escalas de dobres cordas. (Dúas oitavas).

DoM-ReM-MibM-MiM-FaM-SolM-LabM-LaM-SibM-SiM-Dom-Rem-Mim-Fa#m-Solm-Labm-Sim

Escalas de polgar. (Unha oitava).

ReM-DoM-SiM-LaM-SolM    ReM-MiM-FaM-SolM-LaM

Rem-Dom-Sibm-Lam-Solm    Rem-Mim-Fam-Solm-Lam

KLENGEL, J.: Technical Studies. Vol. II. Intr. Music Comp. Nº 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12

**ESTUDOS**

DOTZAUER, J. J.F: Vol. II Nº 50, 55,56,58,61. Ed. Peters.

DOTZAUER, J. J.F: Vol. III Nº 63,64,65, Ed. Peters.

LEE, S.: Melodische und Progresive Etüdie op. 31 Vol. 2.Schott. Nº 24,28,29,30, 37.

MOONEY, R.: Thumb position for cello. Book 1

BENOY & SUTTON: “Introduccion to the thumb position”. Páx: 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10.

**OBRAS (escoller unha de cada apartado)**

*CONCERTOS*

VIVALDI: Concierto en Si m

BRÉVAL: Concierto Nº 2 en Do M

KLENGEL: Concertino nº 2 en Sol M op. 41,

KLENGEL: Concertino nº 3 en La m op. 46

*SONATAS*

VIVALDI: Sonata nº5 en Mi m

MARCELLO: Sonata nº

FESCH: Sonata nº 2 en La

BOCCHERINI: Sonata nº 2 en Do

DUPORT: Sonata Nº 2 en Sol

*PEZAS CANTÁBILES*

SCHUBERT: Ave María en Sib

GRANADOS: Orientale (Spanish Dance nº 2)

GODARD: Berceuse "Jocelyn"

RUBINSTEIN: Melodie op. 3 nº 1

CASSADÓ: Serenade

FAURÉ: Apres un reve

TCHAIKOWSKY: Nocturno Op. 19 Nº 4

*PEZAS LIBRES*

BEETHOVEN: Variaciones "Judas Macabeus"

SAINT-SAENS: Allegro-Apassionato.

POPPER: Gavotte Op. 23 Nº 2

# 10.Secuenciación CURSO 3º GRAO PROFESIONAL

## 10.1. OBXECTIVOS

- Enriquecer a técnica do arco con flexibilidade e fluidez desenvolvendo os golpes de arco aprendidos.
- Dominar a técnica da man esquerda en tódalas posicións do violoncello e nun repertorio de dificultade crecente.
- Aplicar con rigor o bo oído e a afinación ao repertorio estudiado.
- Obter un bo control do ritmo na interpretación.
- Dispor dun amplo repertorio de exercicios, escalas e arpexos.
- Aplicar recursos técnicos e imaxinativos para a obtención dunha boa sonoridade.

- Ler correctamente un repertorio cada vez de maior dificultade. Tamén a primeira vista.
- Crear uns criterios interpretativos propios e sen rixidez.
- Memorizar unha parte do repertorio estudiado empregando a memoria de forma intelixente para a aprendizaxe e a interpretación.
- Avanzar na organización do estudo autónomo.
- Dispoñer dun repertorio sempre en aumento.
- Promover o interese polas diversas manifestacións e fenómenos que inciden no seu entorno (concertos, discografía, cursos, literatura, etc).
- Escoitar música de xeito crítico e analítico.
- Mostrarse aberto e respectuoso fronte ás múltiples manifestacións musicais.
- Improvisar co instrumento en estilos diversos.

## 10.2. CONTIDOS

**Instrumento e o seu intérprete.**

- A boa colocación do instrumento, base para o correcto desenvolvemento da técnica.
- A relaxación do intérprete. Distribución do peso do corpo. Sentar correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- A respiración consciente, relaxación e flexibilidade corporal.
- Prevención de tensións musculares innecesarias.

**A técnica do arco.**

- Continuación no desenvolvemento da técnica do arco.
- Movementos relaxados e fluídos do brazo dereito e boneca dereita.
- Colocación relaxada da man dereita e do polgar dereito.
- Control sobre o paso do arco no cambio das cordas.
- Golpes de arco: Legato ata 12 notas, Staccatto-Legatto e Martellato, Spicatto, Saltillo.

- Traballo sobre o legatto utilizando todo o arco, metade inferior, metade superior, sen acentos e cunha perfecta continuidade de movemento do brazo, boneca, dedos e arco.
- O legato en dobres cordas.
- Traballo sobre variedade de velocidades, dinámica e puntos de contacto

**A técnica da man esquerda.**

- Cambios de posición naturais evitando movementos innecesarios e coordinándoos co movemento do arco.
- Traballo sobre as posicións do polgar en toda a súa amplitude.
- Traballo sobre a axilidade dos dedos en tódalas posicións.

**Oído e afinación.**

- A educación da sensibilidade do oído e o súa repercusión na calidade do son.
- Desenvolvemento da afinación sensible.
- Perfeccionamento da afinación para a melloría da calidade do son.

**Ritmo.**

- O desenvolvemento da seguridade rítmica.
- Sensibilización pola importancia dun ritmo estable.
- Traballo sobre patróns rítmicos para a superación de dificultades técnicas con axuda do metrónomo.

**Exercicios, escalas e estudos.**

- Ampliación do repertorio de exercicios técnicos para o progreso técnico.
- Escalas, arpexos e terceiras de tres oitavas, en notas soltas e ligadas ata oito notas con valores de negra= 80.
- Escalas de dúas oitavas en posición de polgar, soltas e ligadas.
- Ampliación de  estudos que reúnan os aspectos técnicos especificados nos apartados anteriores.

**Sonoridade.**

- Aplicación dos medios técnicos para o desenvolvemento dunha boa sonoridade.
- A variedade de sonoridades e cores.
A recuperación da materia con avaliación negativa realizarase no mes de setembro. Propondrase ao alumno un plan de traballo para o verán e un programa que terà que interpretar nos primeiros días do mes de setembro. O alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo seu titor/titora no mes de xuño.

## 13.6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Se propoñen estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuízo do profesor

**EXERCICIOS TÉCNICOS.**

COSSMANN: Violoncello-Studien. B. Schott Söhne

MATZ: 21 Etüden in der Daumenlage / 21 Etuda Na Palcaniku. Música Naklada.

**ESCALAS**

WHITEHOUSE: Escalas, arpegios e dobres cordas. (páx 2 á 7)

THIEMANN, P.: Sistema de escalas básicas. Ed Boileau.(4 oitavas) (páx 36 á 52)

Escalas MENORES de 4 oitavas con terceiras, sextas dobres cordas

Dom-Do#m-Rem-Mibm-Mim-Fam-Solm-Labm-Lam-Sibm-Sim

Escalas de harmónicos artificiais.

DoM-ReM-MibM-MiM-FaM-SolM-LaM-SibM-SiM-Dom-Rem-MIm-Fam-Solm-Lam-Sibm-Sim

**ESTUDOS**

DUPORT, L.: 21 Etüden für violoncello. Ed. Peters Nº 1,6,10,14, 20.

FRANCHOMME: Estudios para violoncello Op. 35. Peters. Nº 7,8,9,10,11,12

POPPER, D.: Nº 1, 2, 5, 6, 27, 34.

**OBRAS (escoller catro obras de diferentes épocas e estilos)**

*CONCERTOS*

LALÓ: Concierto en re m (1º mov.)

SAINT-SAENS: Concierto Mi M (1º e 2º mov.)

BOCCHERINI: Concierto nº 9 en Sib (1º e 2º mov.)

ROMBERG: Concierto nº 2 en Re M op. 3 (1ºmov.)

KABALEWSKY, D.: Concert op. 49. Peters. (1º mov.).

HAYDN: Concierto en Do M (1º e 2º mov.)

GOLTERMANN: Concierto nº1 op. 14 en La m (1º e 2º mov.)

*SONATAS*

BACH: Sonata Nº 1 en en Sol M, Sonata Nº 2 en Re M, Sonata Nº 3 en Sol m.

BEETHOVEN: Sonata nº 2, Sonata nº 3

MENDELSSOHN: Sonata nº 1

BRAHMS: Sonata en Mi m (1º e 2º mov.)

CASSADÓ: Sonata nello stile antico spagnolo.

*PEZAS LIBRES (escoller dúas)*

BACH: Suite nº 3 en Do M

SCHUMANN: Fantasiestucke

DVORAK: Silent woods op. 68 nº 5.

VAN GOENS: Scherzo op. 12

POPPER: Tarantela

SCHUBERT: The bee

NIN,J.: Suite Española

CASSADÓ: Requiebros

## 14. Metodoloxía

Ao tratarse de una ensinanza de carácter individualizado resulta moi difícil determinar de antemán la distribución del total da materia ao longo do curso, xa que a propia dinámica de estudo e aprendizaxe do alumno vai ser quen o concrete, polo tanto, o profesor utilizará a avaliación continua para determinar si o alumno mostra un dominio suficiente da materia traballada de acordo cos obxectivos do curso.

*A clase individual*: A súa duración e de unha hora semanal e para o desenrolo das actividades, quedarase divida en dúas partes: unha para presentación e observación dos novos contidos, e outra destinada ao desenrolo de actividades de repaso ou ampliación.

*A clase colectiva*: Considerase como un importante complemento da clase individual. A súa duración e de unha hora semanal e convén agrupar nela alumnos dun mesmo nivel ou curso. Tamén quedará dividida en dúas partes: unha máis técnica para traballos de reforzo, exposición, improvisación, etc… e outra para a interpretación de partituras de conxunto e preparación de concertos.

*A clase con piano:* Deberase realizar cando o alumno consiga o suficiente control técnico e musical das obras traballadas, normalmente catro sesións antes do concerto.

***PRINCIPIOS METODOLÓXICOS***

1. A actividade: O plantexamento inicial e que as cousas apréndense facéndoas. A actividade supón un esforzo corporal, intelectual, afectivo, social e expresivo-comunicativo por parte do alumno.
2. A exposición teórica: Moitas sesións deberanse iniciar cunha exposición teórica que presente o que se vai a practicar.
3. A disciplina: E imprescindíbel unha disciplina de traballo diario individual na casa para o desenrolo dos contidos e poder alcanzar os obxectivos.
4. A atención personalizada: Realizarase mediante o seguimento das clases individuais de cada un.
5. A flexibilidade: Adaptándose as necesidades de cada alumno.
6. A creatividade: mediante a inclusión de actividades que estimulen o pensamento, e encontrando solucions concretas a cada situación.
7. A socialización: A práctica dos dúos con piano e con outros compañeiros leva un grado de socialización en canto a aceptación dunhas determinadas normas. Tamén a asistencia e participación en concertos tanto del centro como do exterior.
8. A interdisciplinariedade: Aproveitando os numerosos contactos coas asignaturas
9. A globalización: Establecendo unha relación continua entre tódolos contidos aprendidos, facilitarase o aprendizaxe global, funcional e significativo.
10. A transversalidade: A educación para a saúde e un tema presente en todo momento.
11. O entorno social: E importante á hora de ofrecer recursos didácticos.

***Métodos didácticos***

Método de Proxectos: consistente en propor ao alumno situacións e problemas que teña que resolver coas súas propias experiencias, estimulando a creatividade, a imaxinación e a reflexión, polo que deberá contar con tódolos seus coñecementos adquiridos e saber aplicalos.

O aprendizaxe por descubrimento: Trátase de ensinar ao alumno a manexar os coñecementos que xa sabe para que poda aprender outras cousas. A base e observar e rexistrar información sacando conclusións que pode aplicar máis tarde.

Aprendizaxe por imitación: E o método máis común no aprendizaxe instrumental tanto en paralelo (tocando xuntos na mesma posición), como en espello (fronte ao profesor)
Aprendizaxe cooperativo: Desarróllanse nas  sesións colectivas onde os alumnos apoian o seu propio aprendizaxe sobre os demais evitando a competitividade.

***Modelo de aprendizaxe***

El modelo de aprendizaxe a empelar apoiase no aprendizaxe significativo, desde o punto de vista pedagóxico del constructivismo. A partir dos coñecementos previos do alumnado, desenrólanse contidos novos de forma estructurada, de maneira que cada aprendizaxe depende de lo aprendido anteriormente,e tindo en conta que cada novo aprendizaxe aumenta  a súa capacidade de aprender. Sobre a base deste principio deberase:

Partir dunha pequena avaliación inicial que diagnostique o nivel do alumno e a súa etapa de maduración, diso dependerá que non existan disfuncións nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado diante da práctica diaria do violoncello.

Crear contextos de aprendizaxe que llo obriguen a ter presentes os contidos xa aprendidos, interiorizados e automatizados.

Garantir a construcción de aprendizaxes significativos e tamén en espiral, recordando sempre os coñecementos adquiridos previamente.

Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe.

***Actitude do profesorado***

En relación co método didáctico empelado, o profesor deberá mostrar:

Actitude positiva e motivadora fronte ao alumno considerando o nivel e a dificultade dos contidos.

Claridade na exposición dos contidos, con explicacións moi concisas.

Trato adecuado, sen autoritarismo ni paternalismo, mantenindose firme pero cercan.

Seguridade e confianza de cara ao alumnado.

Actitude de observador para as continuas correccións.

Respecto polas inseguridades, dubidas e fallos do alumno.

Interese en espertar e desenrolar a participación activa en tódalas actividades propostas, e la satisfacción polo traballo ben feito.

Dominio dos contidos da materia e da técnica instrumental.

O profesor de violoncello cobra unha gran importancia na formación do alumno debido á estreita relación que se mantén nas clases individuais e a atención individualizada, polo que deberase:

- Favorecer a motivación do alumno, establecendo metas que correspondan coas capacidades do alumno e explicando con claridade os obxectivos que queremos alcanzar durante o curso.
- Fomentar a participación activa nas clases colectivas, audicións e concertos organizados, desenrolando actitudes positivas ante a actuación en público e o pracer da propia escoita.
- Recoñecer os éxitos logrados dándolles información frecuente dos logros alcanzados.
- Tocar diante do alumno ofrecendo exemplos e modelos.
- Desenrolar o sentido autocrítico convidando a participar na avaliación da súa aprendizaxe, a través da autoevaluación.
- Coidar a forma de presentación da información utilizando outras vías de comunicación.

## 15. Atención á diversidade

O ensino do violoncello require dunha constante adaptación por parte do profesorado as condicións específicas de cada alumno coa finalidade de dar unha resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades. Nos alumnos de

violoncello pode manifestarse por características físicas (coordinación motriz, desenrolo do corpo, etc.), como polos seus coñecementos previos, o polas aptitudes que presentan.

**Atención aos ANEAE**

Neste apartado teranse en conta tres tipos:

Alumnos con incorporación tardía ao sistema educativo español, polo que habrá que tener en cuenta idioma e os costumes do seu país.

Alumnos con necesidades educativas especiais, como pode ser unha deficiencia física, pouca visión, problemas psíquicos, ou problemas de coordinación motriz, sempre e cuando non sexan un impedimento importante para a práctica normal do violoncello.

Alumnos con altas capacidades intelectuais, que poden ser, por mostrar un talento "in nato" para tocar o violoncello, ou por demostrar unha gran capacidade de aprendizaxe que lle fai ir a unha velocidade superior ao dos seus compañeiros.

No caso de que no centro apareza un alumno destas características, o profesor levará a cabo unha adaptación curricular acorde ás súas necesidades específicas e as medidas necesarias de materias.

# 16. Temas transversais

## 16.1. Educación en valores

O profesorado debe ter en conta a influencia sobre o alumnado, por iso, aínda que estes temas non se integren en ningunha área concreta deberanse tratar desde tódalas áreas e con un certo acordo entre o equipo docente.

Educación para a saúde: Pequenos temas como manter unha postura correcta para a saúde da columna vertebral, o traballo de calentamento diario para beneficio das súas articulacións e o tono muscular, os movementos correctos sen sobreesforzos, os exercicios de respiración, o coidado e aseo de mans e unllas, así como dos órganos de audición, faranlle entender o corpo como un todo global que esixe atención e coidado.

Educación para o ocio: Compre inculcar ao alumno aproveitar o seu tempo libre a través de actividades como participación nunha banda, grupo o coro que favoreza o seu desenrolo cultural, sentido estético, e sensibilidade, así como a capacidade de relacionarse en diversos ambientes, e a asistencia a concertos e audicions.

Educación para o consumidor: Tratarase de conseguir unha actitude crítica por parte do alumno á hora de escoitar música ampliando e diversificando os seus gustos musicais.

Educación moral e cívica: A interpretación instrumental posúe unha serie de contidos actitudinais baseados no respecto e acatamento das normas, necesarios para a práctica instrumental tanto individual como de conxunto e que o alumnado debe coñecer e acatar desde o principio. Temas como o comportamento nun concerto, gardar silencio e escoitar ao interprete, a forma de vestir nun concerto, deberanse tratar desde o primeiro curso.

## 16.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

As TIC enténdense como aquelas ferramentas basadas na tecnoloxía dixital que permiten almacenar, procesar, recuperar, transmitir e presentar información. Inclúen as aplicaciones utilizadas polos ordenadores para facilitar e xestionar información (software, bases de datos, multimedia, etc.), así como as novas tecnoloxías alrededor de Internet. Por outro lado, enténdese por material dixital o software, programas ou aplicaciones utilizadas polos ordenadores para facilitar e xestionar información. Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

**Medios Audiovisuais:**

Equipo audiovisual da Biblioteca: Visionado e análise comentada cos alumnos de vídeos de audicións e actividades do centro, concertos, documentais de interese, etc., por medio da televisión da Biblioteca do centro e das carpetas

para carga de arquivos,  habilitadas na sala de profesores e en rede co equipo da Biblioteca.

Servidor do centro: creación dun arquivo do departamento, de vídeos e fotografías, nas carpetas habilitadas para o profesorado na Sala de profesores e en rede co servidor do centro, para o seu posterior visionado nas clases, e como arquivo histórico do departamento e do Conservatorio.

**Medios en internet:**
Utilización de webs como Youtube, Vimeo, etc., para visualización de  videos e concertos de obras incluídas na programación.

Utilización de webs de partituras gratuitas e libres de dereitos como Imslp.org.

Utilización de programas de audio como Goear.

**Programas informáticos:**
De edición de partituras, como Finale, Sibelius, Encore, etc.

De audio, como Spotify.

**Medios para a comunicación:**
A web do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

A Aula Virtual para traslado de arquivos, traballos do alumnado, e comunicación de actividades.

Programas de Menxasería tipo Whatsapp ou e-mail para a comunicacións e organización entre o profesorado da materia.

# 17. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

*Actividades conxuntas*: Os alumnos participaran en concertos e actividades organizados polo centro.

*Cursos,seminarios, e ponencias*: Orientarase ao alumnado a participar nos cursos e seminarios organizados polo centro e fora do centro.

*Concurso fin de grao*: Orientarase ao alumnado na participación do concurso de fin de grao profesional organizado polo centro.

*Certamens e concursos*: informarase ao alumnado de certames e concursos que se organicen fora do centro deixando a información no taboleiro da aula.

*Intercambios:* Promoverase o intercambio de actuación dos alumnos do centro, con actuacións doutros centros educativos e culturais.

*Asistencia a concertos sinfónicos:* Promulgarase a asistencia a os concertos das orquestras sinfónicas e recitais de solistas que podan espertar o seu interese.

*Formación de profesorado*: Participando en grupos de traballo, seminarios, proxectos de innovación, e concertos organizados polo centro e fora del.

## 18. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

En función dos resultados xerais obtidos, e tendo en conta tódolos aspectos que a conforman e a lexislación na que se enmarca, realizaráse un informe no que se avaliará esta programación didáctica. Dito informe será reflexado na Memoria de Final de Curso do Departamento de corda friccionada do centro e, deste modo, dará lugar á súa posible modificación nos aspectos que se estimen oportunos.

Esta programación didáctica será obxecto dun seguemento continuado, tanto por parte do profesorado que a imparte, tamén tendo en conta posibles consideracións que o alumnado e os seus tutores poidan facer ao respecto, coma por parte do departamento didáctico ao que se adscribe, en cada unha das suas sesións de reunión.

# 19. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os acordados polo departamento de corda friccionada.

# 20. ANEXOS

## 20.1. Probas de acceso a 1º de grao profesional

O alumno debe escoller unha peza de cada apartado correspondente. As obras deberanse presentar completas e con acompañamento de piano se a obra o requiere. Das pezas escollidas alomenos unha debe ser interpretada de memoria.

*NOTA: Se o alumno desexa interpretar outras pezas que non sexan as propostas debera consultar co tribunal con anterioridade á proba e este decidirá se son válidas.*

### CONTIDOS

***Apartado A***

MARCELLO, B.: Sonata Nº 2 en Mi menor. "6 Sonates" . Peters. Leipzig, 1958.

MARCELLO, B.: Sonata Nº 5 en La menor. "6 Sonates". Peters. Leipzig, 1958.

VIVALDI, A.: Sonata Nº 3 en La m. "6 Sonates". Schott. Maguncia 1958.

VIVALDI, A.: Sonata Nº 5 en MI m. "6 Sonates". Schott. Maguncia 1958.

FESCH, W: Sonata Nº 1 en Re M

***Apartado B***

BREVAL, J. B.: Concertino nº 1 en Fa M. Delrieu. Niça, 1932

BRÉVAL, J. B.: Concertino Nº 3 en La. Delrieu. Niça, 1935.

BREVAL, J. B.: Concertino nº 2 en Do M. Delrieu. Niça, 1932

RIEDING, O.: Concierto en Si m op. 35. Bosworth & Com.

***Apartado C***

SCHUMANN, R.: Traümerei.

SQUIRE, W. H.: "Bourrée" Opus 2. Sheet Music Edition B 2518.

SQUIRE, W. H.: “Tarantela”

POPPER,D: “Berceuse” Op 62 Nº 3

POPPER,D.: “Lied” Op. 3 Nº 6

POPPER,D.: “Begenung” Op. 3 Nº 5

POPPER,D: “Gavotte” Op. 67 Nº 2 Gavotte” Op. 64

OFFENBACH: Barcarolle

### CRITERIOS DE AVALIACION:

- Interpretar tres obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata e outra unha peza libre.
- Interpretar as obras escollidas demostrando unha boa comprensión e un bo dominio dos aspectos técnicos do instrumento.
- Interpretar con bo son e boa afinación as pezas escollidas de cada apartado de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Tocar unha das pezas escollidas de memoria e con acompañamento de piano.

## 20.2. Probas de acceso a outros cursos GRAO ELEMENTAL

### 20.2.1. Acceso ao curso 2º grao elemental

### CONTIDOS

**APARTADO A:**

Escala de Do Maior en dúas oitavas de extensión en negras soltas e ligadas de dous, tres e catro.

**APARTADO B:**

SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 1º Nº 8 “Allegro” e Nº 16 “Minuet nº 2 en Do M”.

“VIOLONCELLO MUSIC FOR BEGINNERS”: Buffonentanz- German Dance, Rigaudon de Purcell. Ed.. Budapest.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Tocar de memoria con bo son e boa afinación a escala proposta no apartado A Interpretar con bo son e boa afinación dúas das pezas recomendadas no apartado B con acompañamento de piano sendo unha delas de memoria.

### 20.2.2. Acceso ao curso 3º grao elemental

## CONTIDOS

**APARTADO A:**

Escala de Re Maior en dúas oitavas en valor de negras soltas e ligadas de catro.

**APARTADO B:**

SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101. (Nº 9, 16 e 25). Alphonse Leduc

SEBASTIÁN LEE: “Método práctico”. Op. 31. (Pág. 6 Exercicio Nº3 e pax 8 Exercicio Nº 9). Edición Ibérica.

**APARTADO C:**

GOSSEC, F. J. : “Gavotte”. (Suzuki Cello School. Vol. 2º Nº 11).

SCHUMANN, R.: “The Happy Farmer” (Suzuki Cello School. Vol. 2º Nº 2)

## CRITERIOS DE AVALIACION:

- Tocar de memoria con bo son e boa afinación a escala proposta no apartado A .
- Interpretar con bo son e boa afinación un dos estudos recomendados no apartado B.
- Interpretar con bo son e boa afinación unha obra das recomendadas no apartado C con acompañamento de piano.
- Tocar de memoria unha parte do programa de entre os apartados B ou C.
- Demostrar un dominio da primeira posición e das extensións.

### 20.2.3. Acceso ao curso 4º grao elemental

## CONTIDOS

**APARTADO A:**

Escala e arpexo de Sol Maior en dúas oitavas en valor de negras soltas e ligadas de catro.

**APARTADO B:**

SEBASTIÁN LEE: “Método práctico”. Op. 31. (Lección 5 pax 20 ou lección 11 pax 24). Edición Ibérica.

DOTZAUER, J.J.F.: “113 Estudios” Vol. 1 Nº 5 e 9. Editio Musica Budapest.

**APARTADO C:**

BEETHOVEN, L.V. : “Minuetto en Sol”. (Suzuki Cello School. Vol. 3º Nº 5 ).

BRÉVAL, J.B.: Concertino nº IV en Do M. Edition Delrieu.

### CRITERIOS DE AVALIACION:

- Tocar de memoria con bo son e boa afinación a escala proposta no apartado A .
- Interpretar con bo son e boa afinación un dos estudos recomendados no apartado B
- Interpretar con bo son e boa afinación unha obra das recomendadas no apartado C con acompañamento de piano.
- Tocar de memoria unha parte do programa escollido de entre os apartados B o C.
- Demostrar un dominio das posición baixas (primeira, segunda, terceira, cuarta e media) e dos golpes de arco (Detaché, Staccatto, Legatto).

## 20.3. Probas de acceso a outros cursos GRAO PROFESIONAL

### 20.3.1. Acceso ao curso 2º grao profesional

O alumno debe escoller unha peza de cada apartado correspondente.

As obras deberanse presentar completas e con acompañamento de piano se a obra o requiere.

Das pezas escollidas alomenos unha debe ser interpretada de memoria.

## CONTIDOS

***APARTADO A:***

BRÉVAL: Concierto nº 1 en Fa

RIEDING, O.: Concertino en si m

RIEDING, O.: Concierto en Re M op. 36

VIVALDI: Concierto en Si m

***APARTADO B:***

VIVALDI: Sonata nº5 en Mi m

MARCELLO: Sonata nº 5 en La m

BONONCINI: Sonata en La

FESCH: Sonata nº 1 en La

ROMBERG: Sonata en Mi m

***APARTADO C:***

SAINT-SAENS: El Cisne

GLAZUNOV: Chant du Ménestrel op. 71

FAURÉ: Sicilianne op.78

SCHUMANN: Traumerei

RACHMANINOV: Vocalise

**APARTADO D:**

SQUIRE: Bourrée op. 2

MENDELSSOHN: Romanza sin palabras op. 109

## CRITERIOS DE AVALIACION:

- Interpretar catro obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre.
- Interpretar as obras escollidas demostrando unha boa comprensión e un bo dominio dos aspectos técnicos do instrumento.
- Interpretar con bo son e boa afinación as pezas escollidas de cada apartado de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Tocar unha das pezas escollidas de memoria e con acompañamento de piano.

### 20.3.2. Acceso ao curso 3º grao profesional

O alumno debe escoller unha peza de cada apartado correspondente.

Deberá tocar un concerto, unha sonata, unha peza cantábile e unha peza libre.

Se interpretaran as pezas con acompañamiento de piano si a obra o requiere.

Das pezas escollidas ao menos dúas deberán ser interpretadas de memoria.

## CONTIDOS

***APARTADO A:***

VIVALDI: Concierto en La

KLENGEL: Concertino nº 2 en Sol M op. 41

KLENGEL: Concertino nº 3 en La m op. 46

***APARTADO B:***

VIVALDI: Sonata nº5 en Mi m

MARCELLO: Sonata nº

FESCH: Sonata nº 2 en La

BOCCHERINI: Sonata nº 2 en Do

***APARTADO C:***

SCHUBERT: Ave María en Sib

GRANADOS: Orientale (Spanish Dance nº 2)

GODARD: Berceuse “Jocelyn”

RUBINSTEIN: Melodie op. 3 nº 1

***APARTADO D:***

BEETHOVEN: Variaciones “Judas Macabeus”

SAINT-SAENS: Allegro-Apassionato

## CRITERIOS DE AVALIACION:

- Interpretar catro obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza cantábile e outra unha peza libre.
- Interpretar as obras escollidas demostrando unha boa comprensión e un bo dominio dos aspectos técnicos do instrumento.

- Interpretar con bo son e boa afinación as pezas escollidas de cada apartado de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Tocar dúas das pezas escollidas de memoria e con acompañamento de piano.

### 20.3.3. Acceso ao curso 4º grao profesional

O alumno debe escoller unha peza de cada apartado correspondente.

As obras deberanse presentar completas e con acompañamento de piano se a obra o requiere.

Das pezas escollidas alomenos dúas deben ser interpretada de memoria.

## CONTIDOS

***APARTADO A:***

KLENGEL: Concertino nº 1 Do M op.7

GOLTERMANN: Concierto nº 4 op. 65 en Sol M

BRÉVAL: Concierto nº 2 en Re

BRÉVAL: Concierto nº 1 en Sol M

***APARTADO B:***

BOCCHERINI: Sonata nº 3 en Sol

DUPORT: Sonata Nº 1 en Sol M

FESCH: Sonata nº 3

***APARTADO C:***

TCHAIKOWSKY: Nocturne op. 19 nº 4

BRUCH: Kol Nidrei

FAURÉ: Elegie Op. 24

RIMSKY KORSAKOW: Canción India

POPPER: Gavotte Op. 23 Nº 2

***APARTADO D:***

BACH: Suite nº 1 en Sol

## CRITERIOS DE AVALIACION:

- Interpretar catro obras completas das cales unha será un concerto, outra unha sonata, outra unha peza libre e outra unha peza para cello só.
- Interpretar as obras escollidas  demostrando unha boa comprensión e un bo dominio dos aspectos técnicos do instrumento.
- Interpretar con bo son e boa afinación as pezas escollidas de cada apartado de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Tocar dúas das pezas escollidas de memoria e con acompañamento de piano.

## 20.3.4. Acceso ao curso 5º grao profesional

O alumno debe escoller catro pezas de diferentes estilos e épocas das cales unha terá que ser para violoncello só.

Deberá interpretar as obras completas e con acompañamento de piano se a obra o requiere.

Das  pezas escollidas ao menos dúas deberán ser interpretadas de memoria.

### CONTIDOS

*CONCERTOS*

ROMBERG: Concierto

STAMITZ: Concierto nº 2 en La

STAMITZ: Concierto nº 1 en Do

BACH, J. Ch.: Concerto en do m

VIVALDI: Concierto en sol

BOCCHERINI: Concierto el Sol M

*SONATAS*

SANMARTINI: Sonata en Sol M

BEETHOVEN: Sonata nº 1 en La

BOCCHERINI: Sonata nº 3 en Sol

DUPORT: Sonata Nº 1 en Sol M

GEMINIANI, F.: 6 Sonatas. Peters

*PEZAS LIBRES*

COUPERIN: Piezas en concierto

POPPER: Gavotte nº 2

COUPERIN: Piezas en concierto

*VIOLONCELLO SOLO*

BACH: Suite nº 2 en Re (Preludio, sarabanda e Minuetos)

## CRITERIOS DE AVALIACION:

- Interpretar catro obras completas de diferentes estilos e épocas das cales unha terá que ser para violoncello só.
- Interpretar as obras escollidas demostrando unha boa comprensión e un bo dominio dos aspectos técnicos do instrumento.
- Interpretar con bo son e boa afinación as pezas escollidas de cada apartado de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Tocar dúas das pezas escollidas de memoria e con acompañamento de piano.

## 20.3.5. Acceso ao curso 6º grao profesional

O alumno debe escoller catro pezas de diferentes estilos e épocas das cales unha terá que ser dun compositor español.

Deberá interpretar as obras completas e con acompañamento de piano se a obra o requiere.

Das pezas escollidas ao menos dúas deberán ser interpretadas de memoria.

## CONTIDOS

*CONCERTOS*

ROMBERG: Concierto en Re op.51

GOLTERMANN: Concierto nº 2 en Do m op. 30

GOLTERMANN: Concierto nº 3 en Si m op. 51

GOLTERMANN: Concierto nº1 op. 14 en La m

BACH, J. Ch.: Concerto en do m

BOCCHERINI: Concierto en Sol

*SONATAS*

BACH: Sonata Nº 1 en en Sol M, Sonata Nº 2 en Re M,  Sonata Nº 3 en Sol m.

MENDELSSOHN: Sonata nº 1

BEETHOVEN: Sonata Nº 2, Sonata nº 3 en La

GEMINIANI, F.: 6 Sonatas. Peters

*PEZAS LIBRES*

SCHUMANN: Five pieces in folk style op. 102

FAURÉ: Romanza en La M op. 69

VAN GOENS: Scherzo op. 12

POPPER: Gavotte nº 2

DAVIDOF: The fountain.

BACH: Suite nº 3 en Do (Preludio, e dúas danzas)

*ESTILO ESPAÑOL*

NIN,J.: Suite Española

CASSADÓ: Requiebros

CASSADÓ: Sonata nello stile antico spagnolo.

GRANADOS: Intermezzo de Goyescas

## CRITERIOS DE AVALIACION:

- Interpretar catro obras completas das cales unha peza terá que ser de estilo español.
- Interpretar as obras escollidas  demostrando unha boa comprensión e un bo dominio dos aspectos técnicos do instrumento.
- Interpretar con bo son e boa afinación as pezas escollidas de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Tocar dúas das pezas escollidas de memoria e con acompañamento de piano.
- Interpretar correctamente un fragmento a primeira vista demostrando un dominio da lectura das notas, ritmo e afinación.

## 20.4. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo o Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O departamento didáctico correspondente establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio.

## 20.5. Bibliografia.


1. Bunting, Christopher: El arte de tocar el violonchelo: técnica interpretativa y ejercicios. Madrid: Pirámide, 1999.
2. Lee, Sebastian: Método práctico para violonchelo. Barcelona: Boileau, 1993. ISBN 84-8020-473-7.
3. Potter, Louis & Potter, Louis Alexander: The Art of Cello Playing. Los Angeles: Alfred Music Publishing, 1996. ISBN 978-0-87487-071-8 (Consultar en Google Libros)
4. Prieto, Carlos: Las aventuras de un violonchelo: historias y memorias. México: Fondo de Cultura Económica, 1998. ISBN 968-16-7100-7.
5. Tortelier, Paul (1914-1990): Technique et art du violoncelle. París: Salabert, 1994. ISBN 2-7637-7352-4.
6. Wondratschek, Wolf: Mara. Madrid: Alianza, 2006. ISBN 84-206-4759-4.

7. Sardà Rico, Esther: En forma : ejercicios para músicos. España Paidós Ibérica, Ediciones 2003 ISBN: 978-84-493-1444-5

8. Tranchefort, François-René: Guía de la música sinfónica. Editorial: Alianza Editorial. 2002 Colección: Alianza Diccionarios. ISBN: 978-84-206-8582-3

9. Pagès, Mónica: Gaspar Cassadó: la voz del violonchelo. Editorial: Amalgama Edicions. 2000. ISBN: 978-84-8998-829-3

10. Pleeth, William : Cello. Editorial: Kahn & Averill. 2006. ISBN: 978-187-1082-38-8. Colección: Yehudi Menuhin Music Guides

11. Dotzauer, J.J.F.: 113 Exercises por Violoncello, Book I (Nos. 1-34). Editorial: Peters. 2004. ISBN: 979-0-01-404260-8

12. Dotzauer, J.J.F.: 113 Exercises por Violoncello, Book III (Nos. 63-85). Editorial: Peters. 2004. ISBN: 979-0-014-04262-2

13. Dotzauer, J.J.F.: 113 Exercises por Violoncello, Book IV (Nos. 86-113). Editorial: Peters. 2004. ISBN: 979-0-014-04263-9

14. Duport, Jean-Louis. 21 Etüden. Violoncello.Editorial: Peters. ISBN: 979-0-01-401166-6

15. Popper, David: 40 Studi per violoncello, op. 73. Forty Etudes for Violoncello, op. 73 . Editorial: Ricordi.1991. ISBN: 979-0-041-82897-8

16. Loeb, J.: Gammes et Arpèges pour violoncelle. Editorial: Gerard Billaudot Editeur. 1994. ISBN: 979-0-04-300452-3

17. Lee, Sebastian: La técnica del violoncelo: 40 estudios melódicos y progresivos, op. 31, libro I. Editorial: Boileau, Editorial de Música. 1942. ISBN: 978-84-8020-474-3

18. Mooney, Rick: Position Pieces for Cello, Book 1. Editorial: Summy-Birchard Inc. 1997. ISBN: 978-0-87487-762-5

19. Mooney, Rick: Position Pieces for Cello, Book 1I. Editorial: Summy-Birchard Inc. 2004. ISBN: 978-1-58951-205-4

20. Thiemann, Peter: Sistema de escalas básicas para violoncelo. Editorial: Boileau, Editorial de Música. 2006. ISBN: 978-84-8020-610-5

21. Suzuki, Shinichi: Suzuki Cello School. Cello Part, Vol. 1. Editorial: Summy-Birchard Inc. 1991. ISBN: 978-88-63880-39-7

22. Suzuki, Shinichi: Suzuki Cello School. Cello Part, Vol.2. Editorial: Summy-Birchard Inc. 1992. ISBN: 978-88-63880-40-3

23. Suzuki, Shinichi: Suzuki Cello School. Cello Part, Vol.3. Editorial: Summy-Birchard Inc. 1992. ISBN: 978-0-87487-483-9

24. Benoy, A. W.; Burrowes, L.: The First-Year Cello Method. Editorial: Novello. 2005. ISBN: 978-0-85360-173-9

25. Benoy, A. W.; Burrowes, L.: The Second-Year Cello Method. Editorial: Novello. 1979. ISBN: 978-0-85360-174-6

26. Mooney, Rick: Thumb Position for Cello, Book 1. Editorial: Summy-Birchard Inc. 1998. ISBN: 978-0-87487-763-2

27. Mooney, Rick: Thumb Position for Cello, Book 2. Editorial: Summy-Birchard Inc. 1998. ISBN: 9780874877649

28. Marderovsky Leonid: Lessons in cello playing. Editorial: Múzyka. 2011. ISBN: 979-0-706380-50-6

## 20.6. SECCION BILINGUE:

### 1. INTRODUCCIÓN

A presente programación  está xustificada dentro da ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia a partires do curso 2014/2015 e pola resolución de 4 de xullo de 2016 (DOG 19 de xullo de 2016), na que se prorrogan por un período de dous anos as seccións bilingües dos conservatorios coa finalidade de favorecer a práctica do inglés entre os alumnos dos devanditos centros.

A proxección internacional formativa e profesional que ten cabida neste tipo de ensinanzas xustifica a impartición de materia(s) en lingua(s) estranxeira(s) que

faciliten ao alumnado dos conservatorios a posterior integración en centros de estudos e de traballo estranxeiros.

Esta iniciativa responde á necesidade, subliñada polas distintas directivas europeas, de promover unha mellora cualitativa do coñecemento das linguas da Unión Europea. O seu obxectivo é conseguir que os cidadáns da Unión coñezan varios idiomas comunitarios e desenvolvan as competencias en materia de comunicación e garantir a difusión das linguas e da súa cultura. A lingua estranxeira será un vehículo para o ensino de determinadas áreas non lingüísticas, fomentando así, non só a aprendizaxe do idioma senón "aprender no idioma" favorecendo o uso comunicativo deste.

Pretendemos desde a nosa contorna xeográfica impulsar e mellorar a formación do noso alumnado no coñecemento do inglés dentro do espazo lingüístico europeo como competencia fundamental no ámbito do coñecemento, no que o dominio de diferentes linguas constitúe un elemento esencial no proceso de desenvolvemento da identidade europea.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DE GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL.

Os/As alumnos/as que cursen os seus estudos na sección bilingüe de lingua inglesa no Conservatorio Profesional de Música De Santiago, incorporarán aos obxectivos xerais de grao elemental e profesional e ós específicos de cada curso de grao elemental  e profesional, os seguintes obxectivos específicos de sección bilingüe de lingua inglesa:

• Afacer aos alumnos a expresarse de modo natural na lingua inglesa mediante o seu uso cotián na aula.

• Aprender e utilizar léxico específico musical relacionado coa práctica e teoría musical.

• Coñecer aspectos básicos do instrumento musical en lingua inglesa.

• Mellorar a capacidade comunicativa en inglés, especialmente a produción oral, pronunciación e entoación.

• Facilitar o acceso aos programas educativos europeos, como o Programa Erasmus.

• Ampliar coñecementos sobre os aspectos socioculturais dos paises de fala inglesa.

• Desenrolar o sentimento de cidadanía europea.

• Adquirir un maior dominio da lingua inglesa a través da aprendizaxe de outra materia.

• Mellorar o coñecemento e o dominio da propia lingua materna a través da aprendizaxe da lingua estranxeira.

• Realizar traballos e proxectos multidisciplinares.

• Favorecer o uso da lingua inglesa dentro da comunidade educativa.

• Fomentar a diversidade cultural.

• Utilizar recursos TIC para a práctica da lingua inglesa.

## 3. CONTIDOS XERAIS DE GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL.

Os/As alumnos/as que cursen os seus estudos na sección bilingüe de lingua inglesa no Conservatorio Profesional de Música de Santiago, incorporarán aos contidos xerais de grao elemental e profesional e aos específicos de cada curso de grao elemental  e profesional, os seguintes contidos específicos de sección bilingüe de lingua inglesa:

• Utilización de estructuras gramaticais inglesas có enfoque comunicativo nas expresións e comprensións orais e escritas.

• Coñecemento do léxico específico relacionado coa práctica e teoría musical na lingua inglesa.

• Coñecemento dos aspectos básicos do instrumento musical en lingua inglesa.

• Coñecemento dos programas educativos europeos, como o Programa Erasmus Plus.

• Coñecemento de aspectos socioculturais de paises de fala inglesa.

• Realización de traballos e proxectos multidisciplinares.

• Utilización da lingua inglesa dentro da comunidade educativa.

• Potenciación da diversidade cultural.

## 4. METODOLOXÍA

Terase en conta a metodoloxía xeral exposta na programación xenérica de violoncello, coa adición da seguinte específica en relación ao carácter bilingüe das clases instrumentais:

- A metodoloxía estará baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua inglesa. Fomentaranse proxectos e unidades didácticas que sexan de interese para o alumno e ao mesmo tempo estén relacionados coa aprendizaxe do violoncello
- Empregaranse ordes e instruccións sinxelas directamente en lingua inglesa, apoiadas coa linguaxe xestual a modo de reforzo. Ó mesmo tempo se fará uso de expresións coloquiais, frases feitas e demais construccións de uso frecuente na comunicación oral en inglés. Tamén se facilitará a traducción do vocabulario especializado que os alumnos non comprendan
- Potenciarase o traballo cooperativo que favoreza a interacción entre alumno- profesor e empregaranse expresións e

vocabulario relacionados coa unidade didáctica que se imparta en cada momento .

- Fomentarase no alumnado o uso espontáneo da lingua estranxeira na comunicación oral, tanto na súa relación co profesor como cos compañeiros. Para conseguilo farase uso de estratexias participativas nas que se valorará inicialmente a intervención do alumnado facendo uso do inglés e pouco a pouco centrándose no emprego de vocabulario específico, propio da materia.
- O profesor/a será o de guía e organizador/a do proceso comunicativo. Elaborará actividades de reforzo e de ampliación para atender á diversidade do alumnado e fomentará a organización de traballos multidisciplinares.
- Para evitar intimidar ao alumno con dificultades de comprensión, empregarase o inglés progresivamente, extendéndoo ao máximo en base ao ritmo que o alumno/a permita. Cando sexa necesario recorrerase á lingua materna, podéndose repetir as instrucións didácticas e explicacións en galego ou castelán dependendo das necesidades do momento. O obxectivo é que ao finalizar o curso a comunicación alumno / profesor se poida desenvolver con certa fluidez en inglés.
- O profesorado preparará e entregará aos alumnos material en inglés coa finalidade de conseguir os obxectivos propostos na materia, recorrendo ao material dispoñible no centro (textos, manuais, mapas, xogos, posters, material audiovisual, etc) xunto con todo o material que se atopa en internet.
- Fomentarase a utilización de páxinas web que determine cada profesor/a aos seus alumnos/as.

## 5. AVALIACIÓN

Segundo a normativa que rixe as Seccións Bilingües, a cualificación que o alumno obterá da materia de violoncello, non se verá influída (alomenos de

maneira negativa) por motivos lingüísticos, posto que o obxectivo último é aprender os contidos da materia en sí.

Por este motivo, os criterios de avaliación, promoción do alumnado e mínimos esixibles da sección bilingüe axustarase aos procedementos establecidos na programación didiáctica xeral de violoncello.

Ademáis, seguiranse as seguintes recomendacións metodolóxicas para o profesorado CLIL ( Content and Language Integrated Learning) proporcionadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a avaliación das áreas non lingüísticas:

- A interiorización de contidos non lingüísticos primará sobre os contidos lingüísticos.
- A competencia lingüística no idioma estranxeiro é un valor engadido que debe ser recompensado.
- A falta de fluidez na lingua inglesa non debe penalizarse. Os erros lingüísticos forman parte natural do proceso.
- Combinar as prácticas didácticas empregadas tanto na aprendizaxe da lingua como no das áreas non lingüísticas.
- Sempre que sexa posible, utilizarase a lingua inglesa. Cando sexa necesario recorrerase a lingua materna.
- Globalmente valorarase moi positivamente o esforzo continuado, o interese, a participación e a progresión nos coñecementos adquiridos ao longo do curso.